DOCUMENTO PARA APROBACIÓN DEFINITIVA

PLAN ESPECIAL DE INFRAESTRUTURAS PARA O NOVO ACCESO AO CEIP "PÁRROCO DON CAMILO", EN SAN ANDRES DE COMESAÑA

01. Memoria Xustificativa

Parte II. Xustificación

SITUACIÓN:	CEIP PÁRROCO DON CAMILO PARROQUIA SAN ANDRÉS DE COMESAÑA.
DATA:	FEBREIRO 2025.
PROMOTOR:	XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO. CONCELLO DE VIGO.
ARQUITECTO:	ÁNGEL J. SANTORIO CUARTERO.

CONCELLO DE VIGO
XERENCIA DE URBANISMO
Urbanización e Infraestructuras

Plan especial de infraestruturas para o novo acceso ao CEIP Párroco Don Camilo, en San Andrés de Comesaña (Expte. 18337/411). Aprobación definitiva sesión ordinaria Pleno 31/03/2025 (punto 4 do acta). Asinado Secretario Xeral do Pleno Asinado por: JOSÉ VILLÁN FUERTES Data sinatura: 04/04/2025

ÍNDICE

1 MEMORIA XUSTIFICATIVA DA CONVENIENCIA E OPORTUNIDADE DO PEI 29
1.1 Obxecto e criterios xustificativos do PEI 29
1.2 Obxectivo básico do PEI 29
1.3 Directrices e obxectivos para a redacción do plan especial. 29
1.4 Poboación beneficiada do concello e da comarca. 31
2 MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CUMPRIMENTO DA NORMATIVA SECTORIAL E URBANÍSTICA 32
2.1 Xustificación da viabilidade e conveniencia do desenvolvemento do ámbito. 32
2.2 Xustificación da delimitación do ámbito. 32
2.3 Xustificación do encaixe legal do Plan Especial. 33
2.4 Xustificación do cumprimento das determinacións da Lei 2/2016, de 10 de febrero, do solo de Galicia e do Decreto 143/2016, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia. 34
2.4.1 En relación a delimitación dos espazos reservados para infraestruturas e dotacións urbanísticas e o seu destiño concreto (artículo 73.2.a) da LSG). 34
2.4.2 En relación ás medidas necesarias para a axeitada integración no territorio e para resolver os problemas que xenere no viario e nas demáis dotacións urbanísticas (artículo 73.2.b) da LSG) 35
2.4.3 En relación ás medidas de protección necesarias para garantir a funcionalidade e accesibilidade universal das infraestruturas e dotacións urbanísticas (artículo 73.2.c) da LSG). 36
2.4.4 En relación á regulación das características da dotación e, no seu caso, dos parámetros edificatorios aplicables. 36
2.4.5 En relación á regulación doutros criterios e normas as que se teña que axustar o correspondiente proxecto técnico. 37
2.4.6 Xustificación do cumprimento do artigo 43 da Lei 2/2016, do solo de Galicia (LSG). 37
2.4.7 Normas de aplicación directa. Adaptación ao ambiente. 37
2.5 Xustificación do cumprimento da Orde do 23 de maio de 2019, pola que se regulan os accesos nas estradas de Galicia e nas súas vías de servizo. 39
2.6 Xustificación do cumprimento do artigo 21, de Consideración do cambio climático na planificación e xestión territorial e urbanística, así como nas intervención no medio urbano, na edificación e nas infraestruturas do transporte, da Lei 7/2021, de 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética. 41
2.7 Xustificación da compatibilidade da proposta presentada coas determinacións dos instrumentos de ordenación do territorio 42
2.8 Xustificación da coherencia e conformidade coas determinacións e criterios DOT 42
2.8.1 Directrices de Ordenación do Territorio (DOT) 42
2.8.2 Xustificación da adecuación ás determinacións das DOT relativas ás estradas.43
2.9 Xustificación da compatibilidade da proposta realizada coa normativa sectorial do patrimonio cultural. 44
2.10 Xustificación do RD 7/2015 sobre a sostibilidade económica da actuación... 45
2.10.1 Identificación do promotor e responsable da actuación. 45
2.10.2 Obrigas económicas asumidas polo promotor. 45
2.11 Adecuación paisaxística e ambiental. 46
2.12 Xustificación da Alternativa de Ordenación Física escollida. 47
2.13 Xustificación da capacidade das infraestruturas existentes para a implantación dos usos proxectados. 48
2.13.1 Abastecemento de auga e rede hídrica. 48
2.13.2 Saneamento. Pluviais 49
2.13.3 Enerxía eléctrica e iluminación pública. 50

Plan especial de infraestruturas para o novo acceso ao CEIP Párroco Don Camilo, en San Andrés de Comesaña (Expte. 18337/411). Aprobación definitiva sesión ordinaria Pleno 31/03/2025 (punto 4 do acta). Asinado Secretario Xeral do Pleno Asinado por: JOSÉ VILLÁN FUERTES Data sinatura: 04/04/2025

2.13.4 Telecomunicacións. 52
2.13.5 Rede de Gas. 52
2.13.6 A rede viaria interior e os aparcadoiros. 53
Encadre paisaxístico e ambiental. 54
2.14 Xustificación da adecuación da proposta ás determinacións das Directrices da Paisaxe Galega. 57
2.15 Xustificación do cumprimento da Lei 10/2014, de accesibilidade e demais normativa autonómica e estatal de accesibilidade e supresión de barreiras. 65
2.16 Xustificacion do cumprimento da lei 34/1998, de 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, así como a súa normtaiva de desenrolo. 69
3 Asignación de Usos Pormenorizados. Ordenanzas de aplicación. 70
3.1 Memoria do cumprimento do RD. 1513/2005 que desenvolve a lei 37/2003, do Ruído, no referente a avaliación e xestión do ruido ambiental, e consonte o art.5 do RD.1367/2007 que desenvolve a lei do Ruído no referente a zoniicación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas, no seu caso. 71
4 Memoria do cumprimento da Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes. 72
4.1 Seguridade. 73
4.2 Representatividade e sinalización urbana. 73
5 Xustificación dos informes e suxerencias achegados no periodo de consultas ambientais. 73
5.1 - Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo. 73
5.2 - Instituto de Estudos do Territorio 75
5.3 - Axencia galega de Infraestruturas 75
5.4 Informe ambiental estratéxico do Plan Especial de Infraestruturas para o novo acceso ao Ceip "Párroco Don Camilo", en San Andrés de Comesaña, no concello de Vigo. 76
6 Xustificación dos informes técnicos municipais previos á aprobación inicial. 76
6.1 Informe da arquitecta municipal, adscrita ao departamento municipal de Planeamento e Xestión, asinado dixitalmente en data do 23 de xuño de 2022. 77
6.2 Informe de Urbanización e Infraestruturas 78
6.3 Informe da avaliación acústica e o grao de integración das medidas establecidas no informe ambiental estratéxico 79
6.4 Informe da avaliación acústica da documentación para aprobación inicial do "Plan 79
especial de infraestruturas para o novo acceso ao CEIP Párroco Don Camilo" en San Andrés de Comesaña, e integración das medidas relativas ás cuestións ambientais establecidas no informe ambiental estratéxico. 80
7 Xustificación dos informes sectoriais ao documento aprobado inicialmente. 82

Plan especial de infraestruturas para o novo acceso ao CEIP Párroco Don Camilo, en San Andrés de Comesaña (Expte. 18337/411). Aprobación definitiva sesión ordinaria Pleno 31/03/2025 (punto 4 do acta). Asinado Secretario Xeral do Pleno Asinado por: JOSÉ VILLÁN FUERTES Data sinatura: 04/04/2025

01. Memoria Xustificativa

Parte II. Xustificación

1 MEMORIA XUSTIFICATIVA DA CONVENIENCIA E OPORTUNIDADE DO PEI

1.1 Obxecto e criterios xustificativos do PEI

O obxecto do presente Plan Especial de Infraestruturas (PEI) é dar resposta á necesidade de executar un novo acceso ao CEIP Párroco don Camilo, para resolver os problemas de seguridade viaria que sofren os escolares do centro no seu acceso ao mesmo.

Nese contexto, se proxecta realizar a actuación por medio da definición dun PEI, para poder resolver a implementación do novo vial de acceso, garantindo a ensamblaxe físico territorial e o acomodo ambiental do mesmo, de xeito que podan ser avaliados favorablemente pola administración ambiental e polos servizos técnicos do Concello.

Así, o Concello de Vigo considera imprescindible resolver a problemática existente e proceder á execución do novo acceso ao CEIP, tendo en consideración os requirimentos formulados polos nais e pais dos cativos e o claustro de profesorado do centro, así como o dos veciños da zona.
Estudouse a resolución urbanística da actuación por mor da aplicación do sinalado no artigo 70 da LSG, no que se regulan as finalidades dos plans especiais. Nomeadamente:

> *"2. Na ausencia de planeamento xeral municipal, ou* ***cando este non conteña as previsións detalladas oportunas, poderán aprobarse plans especiais unicamente coa finalidade d****e protexer ámbitos singulares, rehabilitar e mellorar o medio rural ou* ***establecer infraestruturas*** *e dotacións urbanísticas,* ***sempre que estas determinacións non exixan a previa definición dun modelo territorial."***

De conformidade coa legalidade vixente, por medio do desenvolvemento do Plan Especial de Infraestruturas (PEI) se pode adiantar a implementación do novo acceso, á tramitación da revisión do PXOM, actualmente en proceso.

1.2 Obxectivo básico do PEI

A necesidade de establecer un novo acceso seguro ao CEIP considérase unha actuación prioritaria e urxente, habida conta das deficientes condicións de seguridade viaria existentes no actual acceso. Así, o obxectivo xeral do presente PEI é dar resposta á necesidade de executar un novo acceso ao CEIP Párroco don Camilo, para resolver os problemas de seguridade viaria que sofren a diario os escolares do centro.

1.3 Directrices e obxectivos para a redacción do plan especial.

Tendo en conta a acotada dimensión e escala da actuación, limitada á definición dun novo acceso seguro ao CEIP Párroco Don Camilo, as principais directrices a seguir para a redacción do plan especial poden resumirse nas seguintes:

- Dotar ao centro docente dun novo acceso rodado que garanta as condicións de seguridade viaria para os usuarios do CEIP.

Plan especial de infraestruturas para o novo acceso ao CEIP Párroco Don Camilo, en San Andrés de Comesaña (Expte. 18337/411). Aprobación definitiva sesión ordinaria Pleno 31/03/2025 (punto 4 do acta). Asinado Secretario Xeral do Pleno Asinado por: JOSÉ VILLÁN FUERTES Data sinatura: 04/04/2025

- Mellorar a mobilidade na rede viaria existente na contorna do CEIP, reducindo os fluxos circulatorios actualmente existentes no Camiño Pedreira e a estrada Matamá-Pazó, definindo a execución dunha nova infraestrutura viaria na zona, que será vertebradora e estruturante da futura ordenación do ámbito de planeamento secundario no que se inxire, no contexto da ordenación prevista no documento de Revisión do PXOM en tramitación. Esta nova infraestrutura viaria permitirá a súa continuidade futura ao longo do ámbito de planeamento diferido no que se integra na Revisión do PXOM actualmente en tramitación. Tendo en conta que a tramitación deste PEI transcorre paralelamente á da Revisión do PXOM, e que este último prevé un ámbito de solo urbano non consolidado (SUNC-615), a proposta que se achega se entende idónea para situar a reserva legal de espazos libres do ámbito na súa área oeste, en cumplimiento de los estándares da LSG. Isto permitirá no futuro, ter unha zona verde cun itinerario peonil vencelllado e, á súa vez, dito espazo libre poderá asociarse ao propio espazo de ensinanza e aprendizaxe que constitúe o equipamento escolar do CEIP. Estes espazos libres completarán ao mesmo, amparándoo e protexéndoo visual e ambientalmente das zonas que vaian estar máis densificadas dentro da ordenación futura, condición que podrá tutelarse directamente dende a ficha de planeamento correspondente ao ámbito, a recoller no citado documento de Revisión do PXOM.

- Garantir, complementariamente, a accesibilidade peonil ao CEIP dende a estrada autonómica PO-552, por medio da definición dun itinerario peonil accesible, adaptándose á topografía do ámbito.

- Conquerir a mellor integración da actuación no entorno natural rururbano circundante, con criterios de protección do patrimonio construído e o menor impacto territorial posible, por medio da adaptación ao parcelario e a topografía existente, e o respecto aos elementos identificativos dos asentamentos e a trama de soporte existente, no espazo territorial no que se desenvolve a actuación.

- A mellora das condicións de integración da zona e, especialmente do CEIP, no contexto funcional de primeiro orde da cidade, en base á operación proxectada.

- A mellora das condicións de vida da contorna, por medio da implementación desta nova infraestrutura viaria, que suporá unha evidente mellora, non só para os usuarios do CEIP, senón igualmente para os residentes nos asentamentos cercanos.

- Complementariamente, regularizar, por medio da actuación, a parcela do CEIP Párroco Don Camilo, mellorando así a zona da mesma onde se plantexa o novo acceso proxectado, para dotala do espazo suficiente por medio da cal se garanta o óptimo resultado e funcionamento presente e futuro do mesmo.

- Por último, desenvolver unha proposta estratéxica integrada, consensuada cos veciños da zona e o claustro directivo do CEIP, logo do desenvolvemento dun proceso previo inicial de participación pública.

De acordo co anterior, e a modo de síntese, considérase que a actuación trasladará indudablemente a mellora da calidade de vida e a cohesión social na zona, especialmente para os usuarios do CEIP e os residentes veciños do mesmo, por medio da implementación dunha actuación sostible, que se apoia na mellora dos valores sociais, económicos e ambientais, dende unha perspectiva de deseño desta infraestrutura urbana sostible e integrado, establecendo as súas determinacións en

Plan especial de infraestruturas para o novo acceso ao CEIP Párroco Don Camilo, en San Andrés de Comesaña (Expte. 18337/411). Aprobación definitiva sesión ordinaria Pleno 31/03/2025 (punto 4 do acta). Asinado Secretario Xeral do Pleno Asinado por: JOSÉ VILLÁN FUERTES Data sinatura: 04/04/2025

virtude das conclusións do estudo da paisaxe e do estudo da paisaxe urbana que se incoproran como Anexo a esta Memoria.

1.4 Poboación beneficiada do concello e da comarca.

Por medio do desenvolvemento do Plan Especial de Infraestruturas (PEI) definirase o novo acceso seguro ao CEIP Párroco Don Camilo, favorecendo as condicións de uso e acceso do centro a todos os estudantes e docentes, así como aos titores dos escolares.

Ademáis, a actuación beneficiará aos residentes nos asentamentos próximos, nomeadamente de Eixido e a Igrexa, xa que se prevé a reducción da densidade de vehículos que circulan actualmente polo Camiño Pedreira e a estrada Matamá-Pazó, en concreto os que se dirixen ao CEIP a diario dende outras zonas da parroquia ou a cidade.

Ademáis, a actuación permitirá conectar o pequeno vial existente, a media ladeira, proviñente do lugar de Eixido, co novo vial de acceso proxectado dende a PO-552, mellorando igualmente o fluxo circulatorio, xa que se poderá artellar un único sentido de circulación no mesmo, mellorando igualmente a mobilidade peonil dos residentes no mesmo.

Conseguintemente, a contorna do ámbito de desenvolvemento do PEI verá igualmente mellorar as súas condicións actuais en virtude do desenvolvemento do PEI e da execución do novo acceso seguro ao CEIP, sen asumir impactos ambientais específicos a consecuencia do desenvolvemento da proposta do novo acceso ao CEIP definida no PEI, tal e como se acredita nos estudos ambientais contidos no DAE, realizado na fase de Avaliación Ambiental Estratéxica Simplificada realizada.

Así, a zona de influencia do ámbito do PEI, na que nomeadamente se atopan os ámbitos de desenvolvemento urbanístico nos que se inclúe o ámbito deste PEI, tanto no PXOU 93 (solo urbanizable 07/08/IGREXA/2/B B/SUP/PP/1) como do documento de Revisión do PXOM aprobado provisionalmente (solo urbano non consolidado SUNC-615), non terán que asumir ningún especial impacto de carácter ambiental distinto do da execución do novo acceso, xa que logo se trata dun ámbito de solo que conta cunha indudable vocación de deenvolvemento urbanístico, tal e como acredita a sua clasificación urbanística nos devanditos plans de rango xeral antes citados.

Plan especial de infraestruturas para o novo acceso ao CEIP Párroco Don Camilo, en San Andrés de Comesaña (Expte. 18337/411). Aprobación definitiva sesión ordinaria Pleno 31/03/2025 (punto 4 do acta). Asinado Secretario Xeral do Pleno Asinado por: JOSÉ VILLÁN FUERTES Data sinatura: 04/04/2025

2 MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CUMPRIMENTO DA NORMATIVA SECTORIAL E URBANÍSTICA

2.1 Xustificación da viabilidade e conveniencia do desenvolvemento do ámbito.

O Concello de Vigo se atopa na actualidade desenvolvendo o proceso de revisión do PXOM, o cal foi aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación Municipal o 26/08/2021 e provisionalmente o 28/12/2023. Sen prexuízo de elo, O Concello de Vigo considera imprescindible resolver urxentemente o novo acceso ao CEIP Párroco Don Camilo, tida conta da deficiente situación actual de accesibilidade ao mesmo, procedendo á tramitación deste Plan Especial de Infraestruturas específico a tal fin.

Conforme ao recollido no Documento Ambiental Estratéxico (DAE), acredítase que os terreos analizados, localizados nunha zona fortemente antropizada e consolidada pola edificación, do diseminado rururbano próximo á cidade, non se atopan ameazados por riscos naturais ou tecnolóxicos, que puideran ser incompatibles coa súa condición de urbanizables, outorgada polo PXOU, tales como inundación, erosión, afundimento, incendio, contaminación ou calquera outro tipo de catástrofes, e tampouco perturban o ambiente ou a seguridade e a saúde, polo que poden integrarse, como así xa definiu o Plan Xeral do 1993, asignándolles a súa clasificación urbanística maiormente de solo urbanizable (07/08/IGREXA/ 2/B B/SUP/PP/1), garantindo pois unha ordenación urbanística racional do Termo Municipal, e como igualmente propón o documento de Revisión do PXOM aprobado provisionalmente, onde os terreos se localizan no interior dun ámbito de solo urbano non consolidado, denominado AR-SUNC-615, Camposancos- Da Pedreira- Matamá.

Por outra banda, e complementariamente ao anterior, logo de realizar unha Consulta Previa á AXI, acreditouse igualmente a viabilidade do novo acceso proxectado dende a estrada autonómica, xa que logo o organismo titular da estrada informou nomeadamente que "*considérase xustificada a creación do acceso novo á estrada PO-552 no seu PQ 0+450, marxe esquerdo, proposto para acceso na documentación do Plan Especial de Infraestruturas para o novo acceso ao CEIP Párroco don Camilo*".

2.2 Xustificación da delimitación do ámbito.

O ámbito delimítase empregando os límites definidos pola aliñación do vial proxectado, así como polo das parcelas existentes que o conforman, e a zona da estrada autonómica que vese afectada por mor das cuñas de acceso a desenvolver, en virtude do sinalado na Orde de 23 de maio de 2019, pola que se regulan os accesos a estradas de Galicia e ás súas vías de servizo, de xeito que se garante unha axeitada inserción do acceso proxectado dende a estrada autonómica, de acordo á normativa sectorial de estradas vixente de aplicación, así como no tecido da restante rede viaria municipal existente. De acordo ao anterior, a delimitación do ámbito adáptase ao trazado do vial proxectado e ao parcelario existente, sen prexuíxo de pequenas certas disfuncións existentes que podan derivar do nivel de detalle da grafía do PXOM 93 vixente.

Ademais, na proposta deste PEI se inclúe unha porción de parcela para adicionar á do CEIP, regularizando así o seu deslinde actual, que na zona na que se plantea o novo acceso conta con unha xeometría irregular, que non se acomoda axeitadamente ao obxectivo fundamental buscado de mellorar a accesibilidade ao centro. Deste xeito, conseguintemente, a superficie da parcela do CEIP ampliarase lixeiramente (524,00 m²), acadando un maior desafogo de superficie nesta zona onde se localiza o novo acceso proxectado.

Plan especial de infraestruturas para o novo acceso ao CEIP Párroco Don Camilo, en San Andrés de Comesaña (Expte. 18337/411). Aprobación definitiva sesión ordinaria Pleno 31/03/2025 (punto 4 do acta). Asinado Secretario Xeral do Pleno Asinado por: JOSÉ VILLÁN FUERTES Data sinatura: 04/04/2025



Figura 01. Parcela que se propón adicar a equipamento docente (grafitada en cor verde), en regularización da actual parcela do CEIP na zona onde se propón o novo acceso seguro.

2.3 Xustificación do encaixe legal do Plan Especial.

Tal e como xa se sinalou, o réxime do solos incluidos na delimitación do ámbito realizada é a de Solo de Núcleo rural do PXOU 93 (Núcleo 07/01/Igrexa/C) e solo urbanizable programado do PXOU 93 (07/08/IGREXA/ 2/B B/SUP/PP/1), actualmente coa consideración de solo urbanizable, segundo o recollido no epígrafe 2º da Disposición Transitoria primeira da LSG, Réxime aplicable aos municipios con planeamento non adaptado e aos municipios sen planeamento, na que se sinala:

> *"2. O planeamento aprobado definitivamente con anterioridade á entrada en vigor desta lei e non adaptado á Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, conservará a súa vixencia ata a súa revisión ou adaptación a ela, consonte as seguintes regras:*
> ...
> *b)...*
>
> *Ao solo urbanizable delimitado, aplicaráselle o disposto nesta lei para o solo urbanizable."*
>
> *c) Ao solo incluído no ámbito dos núcleos rurais ou nas delimitacións de solo non urbanizable de núcleo rural, nas súas áreas de influencia ou tolerancia, aplicaráselle integramente o disposto no planeamento respectivo, agás no que se refire ás edificacións tradicionais existentes, ás que será aplicable o previsto no artigo 40 desta lei."*

A zona de influencia do acceso sobre a estrada autónomica, na que se desenvolven as cuñas de moderación de velocidade definidas e os resto de condicionantes xeométricos extraidos da Orde de 23 de maio de 2019, clasifícase como solo urbano.

Plan especial de infraestruturas para o novo acceso ao CEIP Párroco Don Camilo, en San Andrés de Comesaña (Expte. 18337/411). Aprobación definitiva sesión ordinaria Pleno 31/03/2025 (punto 4 do acta). Asinado Secretario Xeral do Pleno Asinado por: JOSÉ VILLÁN FUERTES Data sinatura: 04/04/2025

Pola súa banda, a título meramente informativo, xa que se atopa polo momento aprobado provisionalmente o 28/12/2023 e, polo tanto, non en vigor na actualidade, no documento de Revisión do PXOM de Vigo, os terreos incluidos no ámbito do presente PEI contan coa clasificación urbanística de solo urbano non consolidado (AR-SUNC-615).

Sen prexuízo do anterior, na Sección 3ª da LSG, e nomeadamente no artigo 70 da mesma se regulan as finalidades dos plans especiais:

"...

2. Na ausencia de planeamento xeral municipal, ou ***cando este non conteña as previsións detalladas oportunas, poderán aprobarse plans especiais unicamente coa finalidade d****e protexer ámbitos singulares, rehabilitar e mellorar o medio rural ou* ***establecer infraestruturas*** *e dotacións urbanísticas,* ***sempre que estas determinacións non exixan a previa definición dun modelo territorial.***

Conseguintemente ao anterior, se propón o desenvolvemento deste PEI por medio do cal se establece o deseño desta infraestrutura viaria de comunicacións, que constitúe o novo acceso seguro ao CEIP Párroco Don Camilo, procedendo, ademáis, a regularizar, ao mesmo tempo, a súa parcela actual e complementar a súa superficie, mellorando substancialmente a seguridade viaria na contorna do mesmo.

2.4 Xustificación do cumprimento das determinacións da Lei 2/2016, de 10 de febrero, do solo de Galicia e do Decreto 143/2016, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2.4.1 En relación a delimitación dos espazos reservados para infraestruturas e dotacións urbanísticas e o seu destiño concreto (artículo 73.2.a) da LSG).

O obxetivo fundamental do presente PEI é definir o novo acceso seguro ao CEIP Párroco don Camilo, o cal constituirá unha dotación urbanística pública, segundo o recollido no Dectreto 143/2016, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do solo de Galicia (RLSG).

Así, no Anexo I, Definicións, do nomeado Decreto 143/2016, defínese o uso dotacional:

"3.4. Se define cómo dotacional aquel uso localizado en los sistemas de infraestructuras de comunicaciones, de espacios libres y zonas verdes, de equipamientos y de infraestructuras de redes de servicios, que comprende las instalaciones y servicios destinados a la satisfacción de las necesidades de los ciudadanos. Se distinguen, entre otros, los siguientes usos dotacionales pormenorizados:"

Nomeadamente, esta dotación pública proxectada encádrase entre as correspondentes á infraestruturas de comunicación de Sistema Local (SL). Analizando igualmente a súa definición no Anexo I do Decreto 1433/2016, se sinala:

"a) Infraestructuras de comunicación: aquel uso que comprende el conjunto de infraestructuras destinadas a la conexión urbana y a la comunicación interurbana, tales como viario y aparcamientos, aeropuertos, ferrocarriles, carreteras, caminos e infraestructuras relacionadas con el transporte individual o colectivo.

1°. Viario: aquel que incluye el suelo necesario para asegurar un nivel adecuado de movilidad terrestre. Comprende las infraestructuras de transporte terrestre para cualquier modalidad de tránsito, como son las carreteras, los caminos, las

Plan especial de infraestruturas para o novo acceso ao CEIP Párroco Don Camilo, en San Andrés de Comesaña (Expte. 18337/411). Aprobación definitiva sesión ordinaria Pleno 31/03/2025 (punto 4 do acta). Asinado Secretario Xeral do Pleno Asinado por: JOSÉ VILLÁN FUERTES Data sinatura: 04/04/2025

calles, y los aparcamientos."

Sen prexuízo desde primeiro obxectivo principal do PEI, no mesmo defínese igualmente unha parcela que contribuirá a regularizar a xeometría actual da parcela do CEIP na zona na que se propón o novo acceso proxectado, e complementará ademáis a súa superficie de Equipamento de sistema local.

Voltando novamente ás definicións recollidas no Anexo I do RLSG, no mesmo defínese o equipamento e, nomeadamente tamén o educativo, do seguinte xeito:

> *"d) Equipamientos: aquel uso que comprende las diferentes actividades destinadas a satisfacer las necesidades de los ciudadanos, distinguiendo:*
> *...*
>
> *2º. Educativo: aquel que comprende las actividades destinadas a la formación intelectual: centros docentes y de enseñanza en todos sus niveles y para todas las materias objeto de enseñanza."*

2.4.2 En relación ás medidas necesarias para a axeitada integración no territorio e para resolver os problemas que xenere no viario e nas demáis dotacións urbanísticas (artículo 73.2.b) da LSG).

O acceso proxectado resólvese de acordo á Orde de 23 de maio de 2019, pola que se regulan os accesos as estradas de Galicia e ás súas vías de servizo.

Ademáis, a tal efecto, cursouse Consulta expresa á Axencia Galega de Infraestruturas en canto á viabilidade do novo acceso proxectado, a cal informou favorablemente a súa viabilidade, sinalando a necesidade de realizar certos axustes no mesmo para acomódalo á normativa de aplicación. Ditas referencias recollidas no informe da AXI foron incorporadas no presente documentp do PEI para aprobación inicial, tal e como se xustifica nos correspondentes apartados desta Memoria Xustificativa.

Ademáis, en aplicación do artigo 23.2 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, o Plan Especial de Infraestruturas para o novo acceso ao CEIP Párroco Don Camilo será remitido novamente á AXI, con posterioridade á súa aprobación inicial, para o seu informe por parte deste organismo.

Sen dúbida, esta supervisión previa do axente autonómico titular da estrada, dende a que se realiza o novo acceso, por medio da Consulta Previa tramitada, e a posterior supervisión do documento do PEI, tras a súa aprobación inicial, garantirán o perfecto acomodo da solución técnica final do acceso á normativa sectorial en materia de estradas vixente.

Por outra banda, outras medidas a implementar que garantirán a axeitada ensamblaxe e integración da proposta do novo acceso no territorio son as recollidas no apartado 13 do Documento Ambiental Estratéxico, que teñen por obxecto prever, reducir e, na medida do posible, corrixir calquera efecto negativo relevante no medio da aplicación do plan, tomando en consideración o cambio climático.

Nomeadamente, o Instituto de Estudos do Territorio recolleu expresamente no seu informe emitido en fase de consultas ambientais, no marco da Avaliación Ambiental Estratéxica do PEI, que o Plan Especial de Infraestruturas para o novo acceso ao CEIP "Párroco Don Camilo", en San Andrés de Comesaña, non provocará un impacto paisaxístico significativo.

Plan especial de infraestruturas para o novo acceso ao CEIP Párroco Don Camilo, en San Andrés de Comesaña (Expte. 18337/411). Aprobación definitiva sesión ordinaria Pleno 31/03/2025 (punto 4 do acta). Asinado Secretario Xeral do Pleno Asinado por: JOSÉ VILLÁN FUERTES Data sinatura: 04/04/2025

2.4.3 En relación ás medidas de protección necesarias para garantir a funcionalidade e accesibilidade universal das infraestruturas e dotacións urbanísticas (artículo 73.2.c) da LSG).

Conforme ás determinacións do artigo 43.3 da Lei 2/2016, do solo de Galicia, o Plan Especial tivo en conta as previsións necesarias para evitar barreiras arquitectónicas e urbanísticas de conformidade coa normativa vixente en materia de accesibilidade, sen prexuízo dos condicionantes topográficos propios da zona.

Así, a rede viaria definida a carón do novo vial de acceso seguro proxectado adáptase ás prescricións da Lei 10/2014, de 3 de decembro, de accesibilidade na comunidade autónoma de Galicia, así como ás disposicións contidas naquela en referencia ao Regulamento de desenvolvemento, aprobado por Decreto 35/2000, de 28 de xaneiro, coas especificacións de transitoriedade contidas na anterior Lei da materia.

Adxúntase no apartado 2.14 desta Memoria Xustificativa folla resumo do cumprimento do devandito Decreto 35/2000 (D.O.G. 29.02.00) e a súa modificación Decreto 74/2013 (D.O.G. 22.05.13), en desenvolvemento da Lei 10/2014 de accesibilidade en Galicia.

Pola súa banda, ao desenvolverse o novo acceso proxectado en solo que non se atopa en situación básica de urbanizado, en virtude do recollido na Lei 7/2015 do solo, non é de aplicación ao presente documento do PEI a Orde TMA/851/2021, de 23 de xullo, pola que se desenvolve o documento técnico de condicións básicas de accesibilidade e non discriminación para o acceso e a utilización dos espazos públicos urbanizados. Sen prexuízo do anterior, de acordo ao tratado dende a XMU coa Comisión de Accesibilidade de Galicia, a proposta que se achega para a súa aprobación inicial cumpre coa definición dun itinerario peonil accesible, segundo os parámetros fixados ao efecto na devandita Orde TMA/851/2021.

Sen prexuízo do anterior, o correspondente proxecto construtivo ou de urbanizacion que desenvolva polo miúdo a execución do novo vial de acceso, acreditará polo miúdo o seu axuste aos parámetros e condicións recollidos na nomeada normativa de accesibilidade, ou aquela que se atope en vigor no momento da súa redacción, aos efectos de concretar as condicións e características concretas da súa urbanización, acabados, etc.

2.4.4 En relación á regulación das características da dotación e, no seu caso, dos parámetros edificatorios aplicables.

As características formais da infraestrutura deseñada axústase ao recollido na normativa urbanística do PXOU 93 de Vigo. Ademáis, as características específicas da urbanización do vial, axustaranse ao sinalado no apartado 3.2.3 Normativa sobre infraestruturas básicas, urbanización e proxectos, e, nomeadamente, ao apartado 3.2.3.2. Normas comúns sobre deseño e calidade da urbanización, da normativa do PXOU 93 de Vigo, e o 3.2.3.3 Criterios e condicions da rede viaria en zonas residenciais para a redaccion de planos especiais e parciais.

Pola súa banda, no tocante á parcela de ampliación do centro docente, as características e demáis parámetros edificatorios aplicables, serán os d ordenanza 3.3. de calificación pormenorizada do PXOU 93 de Vigo.

Plan especial de infraestruturas para o novo acceso ao CEIP Párroco Don Camilo, en San Andrés de Comesaña (Expte. 18337/411). Aprobación definitiva sesión ordinaria Pleno 31/03/2025 (punto 4 do acta). Asinado Secretario Xeral do Pleno Asinado por: JOSÉ VILLÁN FUERTES Data sinatura: 04/04/2025

2.4.5 *En relación á regulación doutros criterios e normas as que se teña que axustar o correspondiente proxecto técnico.*

O proxecto construtivo ou de urbanización que se redacte para definir polo miúdo a execución do novo viario de acceso ao CEIP terá en consideración as determiancións que ao efecto se recollen específicamente na normativa do PXOU 93 de Vigo, ou aquel que se atope vixente no momento da súa redacción.

Ademáis, tal e como sinalou o Instituto de Estudos do Territorio (IET) no seu informe en fase de consultas ambientais no marco da Avaliación Ambiental Estratéxica do PEI, recoméndase, en todo caso, para a definición das condicións de pavimentación exterior, sinalización, etc., consultar a Guía de boas prácticas en intervencións en espazos públicos, elaborada pola Xunta de Galicia.

2.4.6 *Xustificación do cumprimento do artigo 43 da Lei 2/2016, do solo de Galicia (LSG).*

A proposta de planeamento realizada contén a documentación suficiente para acreditar a xustificación do regulado nas normas de calidade urbana e ambiental que establece a lexislación urbanística. Entre outros aspectos, se acredita que:

- De acordo coa documentación que o integra, a proposta desenvolvida neste PEI non establece determinacións que modifiquen ou contraveñan unha razoable e equilibrada articulación de usos, actividades e tipoloxías edificatorias compatibles, senón, pola contra, favorece o equilibrio e articulación destes.
- Ademáis, o PEI non establece determinacións que modifiquen ou contraveñan as previsións necesarias para evitar barreiras arquitectónicas e urbanísticas.
- E, por último, o PEI establece determinacións para garantir a integración cos elementos valiosos da paisaxe, artellando a harmonización paisaxística e ambiental da actuación co entorno rururbano inmediato, acreditando o seu máximo acomodo á topografía existente, e, en definitiva, adaptándose ao ambiente no que se empraza. A estes efectos, inclúese na documentación do mesmo que se eleva a aprobación inicial un Estudo da Paisaxe.

Todo elo foi detallado polo miúdo no Borrador do Plan e no Documento Ambiental Estratéxico elaborados na fase de Avaliación Ambiental Estratéxica simplicada, e se acredita en virtude do contido do IAE recibido, no contexto do citado procedemento.

2.4.7 *Normas de aplicación directa. Adaptación ao ambiente.*

En relación coas determinacións do artigo 91 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG), sobre a adaptación ao ambiente e protección da paisaxe, considérase que a proposta final do vial do novo acceso ao CEIP Párroco don Camilo, recollida no presente Plan Especial de Infraestruturas, adáptase plenamente ao lugar onde se empraza, e, a tal efecto sinálase:

O ámbito da actuación en cuestión recollido no presente Plan Especial de Infraestruturas non se empraza en lugares inmediatos ou que formen parte dun grupo de edificios de carácter histórico ou tradicional que esixan a harmonización co mesmo.

Así mesmo, tampouco se empraza en lugares de paisaxe aberta ou natural, nin en zonas con conxuntos urbanos de características históricas ou tradicionais, nin nas inmediacións de estrada ou camiño de traxecto pintoresco, xa que logo trátase dunha zona de expansión da cidade de Vigo cara o extrarradio, e nomeadamente, cara a zona costeira do Val Miñor, de xeito maiormente lonxitudinal ao longo da estrada autonómica PO-552.

Plan especial de infraestruturas para o novo acceso ao CEIP Párroco Don Camilo, en San Andrés de Comesaña (Expte. 18337/411). Aprobación definitiva sesión ordinaria Pleno 31/03/2025 (punto 4 do acta). Asinado Secretario Xeral do Pleno Asinado por: JOSÉ VILLÁN FUERTES Data sinatura: 04/04/2025

Así, o ámbito do PEI localízanse nunha zona rururbana, e a actuación se integra en dito entorno circundante, con criterios de protección do patrimonio construído, discurrindo por unha zona vacante de edificacións, e de conquerir o menor impacto territorial posible, por medio da adaptación ao parcelario e á topografía existente, e por medio do respecto aos elementos identificativos dos asentamentos e a trama de soporte, de entidade máis local, existente no espazo territorial no que se desenvolve a actuación.

Ademais, a definición das texturas, cores, materiais e demáis condición a empregar nas obras de urbanización do vial proxectado, axustarase ao recollido ao efecto na normativa do PXOU 93 de Vigo, ou naquel que o substitúa, así como, recomendablemente, á da Guía de boas prácticas para actuacións no espazo público, tal e como así recolle nomeadamente o informe de consultas ambientais emitido polo Instituto de Estudos do Territorio (IET), condición que encaixarán perfectamente coas propias existentes da contorna onde se empraza a actuación.
Además, o novo vial proxectado non supón a construción de edificación algunha sobre o territorio, senón simplemente pousar unha nova vía de comunicación e acceso dende a estrada autonómica ao CEIP, sobre os terreos existentes, mellorando a seguridade viaria na zona e, complementariamente, as infraestruturas de servizos existentes na zona, por medio do mesmo.

Así, a actuación proposta e o uso pretendido non limitará, de ningún xeito, o campo visual para contemplar as belezas naturais, nin romperá a harmonía da paisaxe, nin tampouco desfigurará a perspectiva propia do mesmo actualmente existente.
Polo tanto, o propio novo vial de acceso favorece a súa integración na contorna inmediata e na paisaxe circundante, ao tratarse de meras obras de urbanización sobre os terreos existentes mantendo maiormente a súa configuración actual, que non contemplan edificabilidade algunha.

Así, unha vez rematadas no futuro as obras do novo vial de acceso seguro proxectado, integraranse favorablemente na contorna, ao empregarse nas mesmas materiais, texturas e cores de acabado reguladas na normativa do PXOU 93, que serán propias do uso ao que se destine, e acordes co medio no que se empraza, e que harmonizarán cos xa existentes na contorna desta zona rururbana da parroquia de San Andrés de Comesaña.

Neste sentido, además, de acordo ao que se recolle no presente Plan Especial, contémplanse medidas de integración paisaxística da actuación contemplada, baseadas fundamentalmente na previsión dunha plantación de vexetación de arborado autóctono ao longo do trazado do novo vial de acceso, que favorecerá o acomodo amable e a integración visual da mesma na contorna.

Todo o anterior, está refrendado coa escrupulosa adaptación do contido do presente Plan Especial ás determinacións da normativa urbanística e a lexislación vixente, cuxas determinacións xerais e condicións de ordenación, mercé á súa clasificación urbanística, considérase que son integramente aplicables.
E, posto que as actuacións contempladas, son usos permitidos nesta clase de solo na lexislación urbanística vixente, xustifícase que se cumpre con todos os requisitos establecidos legalmente a tal fin.

Plan especial de infraestruturas para o novo acceso ao CEIP Párroco Don Camilo, en San Andrés de Comesaña (Expte. 18337/411). Aprobación definitiva sesión ordinaria Pleno 31/03/2025 (punto 4 do acta). Asinado Secretario Xeral do Pleno Asinado por: JOSÉ VILLÁN FUERTES Data sinatura: 04/04/2025

2.5 Xustificación do cumprimento da Orde do 23 de maio de 2019, pola que se regulan os accesos nas estradas de Galicia e nas súas vías de servizo.

O 08.02.2022 tramitouse ante a Axencia Galega de Infraestruturas (AXI) unha Consulta Previa sobre a viabilidade do novo acceso planificado no presente Plan Especial na estrada PO-552, á altura do seu PQ 0+450, marxe esquerdo, na que se realizaba unha proposta de acceso, en virtude do sinalado no artigo 82 da Orde do 23 de maio de 2019, pola que se regulan os accesos ás estradas de Galicia e as súas vías de servizo, de acordo ao sinalado na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, e no Decreto 66/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral de estradas de Galicia.

En resposta a dita Consulta Previa, a AXI emitiu un "INFORME SOBRE CONSULTA DE VIABILIDADE DO PLAN ESPECIAL DE INFRAESTRUTURAS PARA O NOVO ACCESO AO CEIP PÁRROCO DON CAMILO."

En dito informe se conclúe que "*considérase xustificada a creación do acceso novo á estrada PO-552 no seu PQ 0+450, marxe esquerda, proposto para acceso na documentación do Plan Especial de Infraestruturas para o novo acceso ao CEIP Párroco* Don *Camilo remitida polo concello de Vigo e recibida o 08.02.2022*", debendo o acceso adaptarse á normativa de aplicación, conforme ao indicado no apartado correspondente do mesmo informe.

Nomeadamente, os aspectos a cumprir indicados no Informe recibido son os seguintes:

> *a) O acceso proposto, segundo ao indicado no artigo 20.2 da Orde, deberá dispoñer de cuñas de cambio de velocidade. Dado que o treito da estrada PO-552 onde se planifica acceder ten unha IMD superior aos 5.000 veh/día e que a velocidade está limitada a 50 km/h, esta cuñas terán unha lonxitude mínima de 30 metros.*
>
> *b) Dado que o treito da estrada PO-552 onde se plani□ica acceder ten unha IMD superior aos 10.000 veh/día, conforme ao artigo 131 do Regulamento xeral de estradas de Galicia, non se permitirán cruzamentos ou xiros á esquerda a nivel para entrar ou saír do acceso.*
>
> *c) Conforme ao artigo 21 da Orde, o acceso deseñarase, na súa zona de conexión coa estrada, en contrapendente mínima do 1%.*
>
> *d) Evitarase a superposición do acceso e das súas cuñas de cambio de velocidade sobre outros accesos existentes á estrada.*
>
> *e) Nas inmediacións do acceso, para cumprir as condicións de visibilidade indicadas na Orde, é posible que sexa necesario restrinxir os aparcamentos en liña existentes na actualidade na marxe esquerda da estrada PO-552.*
>
> *f) Deberán eliminarse os aparcamentos en liña, cando menos, nos primeiros 30 metros (medidos dende a liña exterior do dominio público da estrada PO-552) do viario de acceso ao colexio, dado que as manobras para acceder aos mesmos nas horas de entrada e saída do colexio poden afectar á funcionalidade da estrada PO-552."*

Todos os aspectos anteriores foron incorporados na proposta final do acceso que se recolleu no documento do Plan Especial para a súa aprobación inicial.

Plan especial de infraestruturas para o novo acceso ao CEIP Párroco Don Camilo, en San Andrés de Comesaña (Expte. 18337/411). Aprobación definitiva sesión ordinaria Pleno 31/03/2025 (punto 4 do acta). Asinado Secretario Xeral do Pleno Asinado por: JOSÉ VILLÁN FUERTES Data sinatura: 04/04/2025

Así, nomeadamente:

- a proposta dispón de cuñas de cambio de velocidade, segundo se recollen no apartado correspondente da Orde de 23 de maio de 2019.

- por mor do IMD da vía, non se permiten cruzamentos ou xiros á esquerda a nivel para entrar ou saír do acceso. Esto non supón un problema, pois existen xa nas proximidades rotadores ou cambios de sentido na actualidade que favorecerán o funcionamento da mobilidade a este respecto.

- evítase a superposición do acceso e das súas cuñas de cambio de velocidade sobre novos accesos á estrada, que non se contemplan, se ben é preciso manter un único acceso xa actualmente existente na zona da cuña Sur.

- para cumprir as condicións de visibilidade recollidas na Orde, nas inmediacións do acceso restrínxense os aparcamentos en liña existentes na actualidade na marxe esquerda da estrada PO-552, os cales se manteñen máis aló do ámbito do novo acceso.

- elimínanse os aparcamentos en liña do novo viario de acceso ao CEIP, nos primeiros 30 metros medidos dende a liña exterior do dominio público da estrada PO-552, para evitar que as manobras de acceso nas horas de entrada e saída do CEIP podan afectar á funcionalidade da estrada autonómica PO-552.

Logo da aprobación inicial do PEID, en contacto directo cos técnicos de dita Axencia, completouse a documentación do enlace coa estrada autonómica e recibiuse novo informe da AXI, o cal se incorpora no apartado correspondente deste PEID.

A proposta final de ordenación do enlace acomódase ao indicado en dito informe final da Axencia e a tal efecto:

- Incorpórase unha reixa de recollida e evacuación de augas pluviais, situada no punto baixo do encontro entre pendentes as da vía de acceso ao colexio e da estrada PO-552.
- Corríxese a denominación do plano de información PINF_44Ruido01 Mapa de niveis sonoros indicador Le, xa que no dito plano representábase o mapa de ruído correspondente co indicador sonoro Ld.
- Incorpóranse ao ámbito a totalidade dos terreos necesarios para a execución do novo acceso.
- Engádense aos planos de información do PEID os planos correspondentes as ditas zonas de servidume acústica.

Todo elo recóllese na seguinte imaxe da proposta final do acceso.

Plan especial de infraestruturas para o novo acceso ao CEIP Párroco Don Camilo, en San Andrés de Comesaña (Expte. 18337/411). Aprobación definitiva sesión ordinaria Pleno 31/03/2025 (punto 4 do acta). Asinado Secretario Xeral do Pleno Asinado por: JOSÉ VILLÁN FUERTES Data sinatura: 04/04/2025



Figura 02. Esquema gráfico xustificativo da resolución do acceso á estrada Po-552, segundo o establecido na Orde de 23 de maio de 2019 e o sinalado no informe emitido pola AXI ao DAI do PEID tramitado.

2.6 Xustificación do cumprimento do artigo 21, de Consideración do cambio climático na planificación e xestión territorial e urbanística, así como nas intervención no medio urbano, na edificación e nas infraestruturas do transporte, da Lei 7/2021, de 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética.

1. De acordo co obxecto principal do PEI, encadrado nunha actuación estratéxica e certamente urxente de planificación e xestión territorial e urbanística, nomeadamente de infraestruturas de transporte para a evidente mellora das actuais condicións de seguridade viaria, accesibilidade ao CEIP e mobilidade na zona, aos efectos da súa adaptación ás repercusións do cambio climático, esta ten en conta os seguintes obxectivos:

a) A consideración, na súa propia concepción e elaboración, dos riscos derivados do cambio climático.
b) A integración das medidas necesarias para propiciar a adaptación progresiva e resiliencia fronte ao cambio climático.
c) A adecuación da nova infraestrutura de transporte proxectada aos efectos derivados do cambio climático, co obxectivo de diminuir as emisións.
d) A consideración, no deseño, remodelación e xestión da mitigación do efecto "illa de calor", evitando a dispersión á atmósfera das enerxías residuais xeradas na infraestrutura urbana e o seu aproveitamento como fonte de enerxía renovable.
Estes obxectivos prioritarios materializaranse polo miúdo no correspondente proxecto construtivo ou e urbanización do novo vial de acceso.

Ademáis, as actuación non ocasionará un prexuíxo significativo aos seguintes obxectivos ambientais, segundo o sinalado no artigo 17 do Regulamento (UE) 2020/852, en virtude do que se describe e desenvolve de seguido:

1. Mitigación e adaptación do cambio climático.

Terase en conta contribuir a mitigar o cambio climático, pulando por producir menores índices de CO_2 e reducir a pegada de carbono

Plan especial de infraestruturas para o novo acceso ao CEIP Párroco Don Camilo, en San Andrés de Comesaña (Expte. 18337/411). Aprobación definitiva sesión ordinaria Pleno 31/03/2025 (punto 4 do acta). Asinado Secretario Xeral do Pleno Asinado por: JOSÉ VILLÁN FUERTES Data sinatura: 04/04/2025

2. Uso sostenible y protección dos recursos

3. Economía circular, incluidos a prevención e o reciclado de residuos.

Na execución das obras preverase o reciclado dos residuos xenerados nas mesmas.

4. Prevención y control de la contaminación a la atmósfera, el agua o el suelo.

Na implementación da nova infraestructura contemplaranse mecanismos que suporán contribuir eficazmente á prevención e control da contaminación á atmósfera, a auga e o solo.

5. Protección y restauración de la biodiversidad y los ecosistemas.

Igualmente a todo o anterior, a implementación na zona da nova infraestructura viaria de acceso seguro ao CEIP, pulará pola protección e restauración da biodiversidade e os ecosistemas, posto que se prevé a súa integración nun contexto rururbano cunha importante presenza de vexetación. O Proxecto de urbanización definirá nomeadamente un coidado estudo paisaxístico que desenvolverá polo miúdo a disposición e tratamento das áreas intersticiais que contarán con apropiadas especies veeetais de orixe autóctono, reduciendo así as superficies de solos impermeables e favorecendo a continuidade dos ecosistemas e a maior autonomía da biodiversidade existente na zona.

2.7 Xustificación da compatibilidade da proposta presentada coas determinacións dos instrumentos de ordenación do territorio

O PEI respecta a clasificación do solo e os usos globais establecidos polo planeamento, sen afectar desfavorablemente a instrumentos de ordenación do territorio. Os terreos se atopan fora do ámbito de influencia do Plan de ordenación do Litoral.
Os terreos tampouco se atopan en dominio público, zona inundable, de servidume ou de policía de curso fluvial existente.
Todo elo se acredita igualmente en virtude do contido do IAE recibido, no procedemento de avaliación ambiental estratéxica simplificado xa desenvolvido.

2.8 Xustificación da coherencia e conformidade coas determinacións e criterios DOT

2.8.1 Directrices de Ordenación do Territorio (DOT).

As Directrices de Ordenación do Territorio (DOT), aprobadas polo Decreto 19/2011, do 10 de febreiro, deseñan un modelo territorial achegando criterio e normas de aplicación tanto para os instrumentos urbanísticos como para os plans territoriais. Neste modelo, inclúese o municipio de Vigo entre o Sistema de Grandes Cidades.
Este sistema, confórmase polas dúas grandes Rexións Urbanas da comunidade: a de Vigo e Pontevedra e a da Coruña e Ferrol, así como polas Áreas urbanas da Coruña, Vigo, Santiago de Compostela, Ourense, Lugo, Pontevedra e Ferrol.
Entre as claves da Estratexia da Rexión Urbana de Vigo e Pontevedra, atopamos as seguintes:

- Rexión con evidente potencial para desempeñar un papel esencial na prestación de servizos a un espazo moi dinámico e cun importante sistema produtivo, que se caracteriza pola súa elevada integración nos mercados internacionais. O mantemento da competitividade das actividades económicas neste territorio vai demandar nos próximos anos unha armazón de servizos produtivos cada vez máis complexo e unha aposta pola I+D+i que só

Plan especial de infraestruturas para o novo acceso ao CEIP Párroco Don Camilo, en San Andrés de Comesaña (Expte. 18337/411). Aprobación definitiva sesión ordinaria Pleno 31/03/2025 (punto 4 do acta). Asinado Secretario Xeral do Pleno Asinado por: JOSÉ VILLÁN FUERTES Data sinatura: 04/04/2025

pode atoparse en Áreas urbanas de certo tamaño e diversificación.

• Este espazo é unha das zonas con maior crecemento demográfico e económico de Galicia e un dos ámbitos máis dinámicos de todo o norte peninsular. Con todo, a falla de estratexias territoriais integradas impide aproveitar oportunidades de futuro importantes.

Por outro lado, en canto á paisaxe, as Directrices de ordenación do territorio, sinalan expresamente que "as administracións públicas integrarán, conforme os criterios da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, a consideración da paisaxe nos instrumentos de ordenación territorial e urbanística así como noutras políticas sectoriais que poidan producir un impacto directo ou indirecto sobre el". A este efecto, as entidades locais deberán garantir a consideración da paisaxe en todas as actuacións con incidencia no territorio, en aras a implementar unha xestión e planificación estratéxica do territorio encamiñada a o desenvolvemento sustentable do mesmo.

2.8.2 Xustificación da adecuación ás determinacións das DOT relativas ás estradas.

4.1. Determinacións relativas ás estradas
Se xustifican de seguido as determinacións que afectan ao vial local que é obxecto desta actuación urbanística, para a consecución do novo acceso ao CEIP Párroco Don Camilo.

Determinacións orientativas

Determinación 4.1.4.

> *"Con carácter xeral, toda actuación sobre a rede de estradas incorporará medidas de mellora da seguridade vial e as necesarias para asegurar a integración ambiental e paisaxística e a protección do patrimonio cultural, prestando especial atención aos niveis de ruído."*

O vial proposto, como resultante da selección das alternativas avaliadas no DAE, os informes de consultas achegados xunto ao Informe Ambiental Estratéxico, o contraste realizado entre a XMU e a Comisión de Accesibilidade de Galicia e as posteriores reunións de seguemento mantidas, recolle medidas de seguridade vial e de integración ambiental e paisaxística, tal e como se xustifica polo miúdo no presente documento. Non existen elementos pertencentes ao catálogo do patrimonio cultural no ámbito nin zonas incluidas no seus respectivos ámbitos de protección.

Determinación 4.1.5.

> *"Procederase de forma progresiva á eliminación de travesías e de tráficos de longo percorrido polas zonas urbanas. A execución de variantes de poboación implicará a transferencia aos diferentes municipios daqueles tramos de estrada que foron substituídos pola nova infraestrutura no momento da súa posta en servizo e a posta en marcha de medidas de humanización."*

A presente proposta consiste na creación dun pequeno vial de acceso ao CEIP Párroco Don Camilo, e non incide sobre o contido desta Determianción.
Determinación 4.1.6.

Plan especial de infraestruturas para o novo acceso ao CEIP Párroco Don Camilo, en San Andrés de Comesaña (Expte. 18337/411). Aprobación definitiva sesión ordinaria Pleno 31/03/2025 (punto 4 do acta). Asinado Secretario Xeral do Pleno Asinado por: JOSÉ VILLÁN FUERTES Data sinatura: 04/04/2025

"Os plans e proxectos das administracións públicas estudarán a implantación de solucións de deseño que outorguen prioridade ao transporte colectivo (carril-bus, apeadeiros, intercambiadores...) e faciliten a mobilidade peonil, fomentando ademais a mellora das redes existentes fronte aos novos trazados."

A actuación concreta contempla un espazo específico para resolver a mellor operatividade do transporte colectivo dos escolares que acuden ao centro docente, por medio dun diseño específico para dita zona, por medio dun tratamento que teña en conta o seu funcionamento como antesala ou vestíbulo previo de acceso ao CEIP, pero, á súa vez, como unha extensión exterior deste. Ademáis, a actuación facilitará a mobilidade peonil ao centro, así como a accesibilidade aos asentamentos existentes na contorna (Eixido e Igrexa), ao mellorar os fluxos actualmente existentes sobre o Camiño Pedreira e a estrada Matamá-Pazó.

Determinación 4.1.7.

"As novas vías urbanas estruturantes das cidades deberán prever a posibilidade de implantar varios modos de transporte diferentes (peonil, bicicleta, autobús, metro lixeiro, vehículo particular), dándolles prioridade aos modos de transporte colectivo."

O novo vial proposto contempla a implantación do emprego de diferentes modos de transporte, especialmente o rodado, para vehiculos particulares e de transporte de pasaxeiros, e o peonil.

Determinación 4.1.8.

"O acceso ás parcelas resultantes dos novos desenvolvementos urbanísticos deberá realizarse a través de estradas cando menos de rango local. As conexións coas estradas supramunicipais coordinarase coa administración titular da vía".

O novo vial proxectado resolve precisamente o acceso ao CEIP Párroco Don Camilo, sendo un novo vial de escala e rango local, que conecta a un vial da rede xerárquica inmeditamente superior como é a estrada autonómica PO-552. Por elo, para resolver dita conexión axeitadamente será precisa a necesaria coordinación entre o Concello de Vigo e a Axencia Galega de Infraestruturas (AXI), da Consellería de Infraestruturas e mobilidade da Xunta de Galicia, como administración titular da vía. Ademáis, o novo vial proposto neste PEI, ten a capacidade de seren continuado no futuro ata conectar coa estrada Matamá-Pazó, contribuindo a maiar e tramar a zona, vertebrando a ordenación do ámbito de desenvolvemento no que se insire na Revisión do PXOM en tramitación.

2.9 Xustificación da compatibilidade da proposta realizada coa normativa sectorial do patrimonio cultural.

Dende a perspectiva do patrimonio cultural, non se realizan cambios que supoñan afección desfavorable aos elementos do patrimonio cultural, xa non se atopan elemento protexidos no ámbito da actuación proposta, nin no seu entorno inmediato, de conformidade coa listaxe dos elementos do patrimonio cultural que están recollidos no planeamento municipal nin no catálogo da Xunta de Galicia.
Polo tanto, se considera que a ditos efectos, a proposta é compatible con calquera normativa sectorial, de protección do patrimonio cultural ou ambiental en vigor. Todo elo se acredita igualmente en virtude do IAE recibido, no procedemento de Avaliación Ambiental Estratéxica desenvolvido.

Plan especial de infraestruturas para o novo acceso ao CEIP Párroco Don Camilo, en San Andrés de Comesaña (Expte. 18337/411). Aprobación definitiva sesión ordinaria Pleno 31/03/2025 (punto 4 do acta). Asinado Secretario Xeral do Pleno Asinado por: JOSÉ VILLÁN FUERTES Data sinatura: 04/04/2025

2.10 Xustificación do RD 7/2015 sobre a sostibilidade económica da actuación.

O Real Decreto Lexislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana, sinala que entre a documentación dos instrumentos de ordenación das actuacións de urbanización, se debe incluír un informe ou memoria de sostibilidade económica, no que se ponderará en particular o impacto da actuación nas facendas públicas afectadas pola implantación e polo mantemento das infraestruturas necesarias o a posta en marcha e a prestación dos servizos resultantes, así como a suficiencia e adecuación do solo destinado a usos produtivos. Se achega dito informe no apartado 6 da estrutura documental deste PEI.

2.10.1 Identificación do promotor e responsable da actuación.

A entidade promotora e responsable da execución do novo vial proposto é a Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo, con CIF P-3605700-H, e domicilio social en Praza do Rei nº 1, CP 36.202, en Vigo.

O obxecto e contido do PEI proposto determinan custe económico e impacto financeiro pola execución de obras de urbanización, que serán sufragadas na súa totalidade polo Concello de Vigo.

2.10.2 Obrigas económicas asumidas polo promotor.

O Concello de Vigo asumirá todos os custes económicos que se derivan da execución do vial definido no presente PEI. Entre outros, abarcarán:

- O custe da obtención dos terreos necesarios para implantar a nova infraestrutura proxectada.

- O custe de execución e urbanización do vial completo e os aparcadoiros, entre os que se inclúen o enlace coas infraestruturas urbanísticas xerais.

- O custe da execución e urbanización da parcela que se incorpora a superficie actual da parcela do centro CEIP Párroco Don Camilo.

Estímase un custe total da actuación segundo o seguinte desglose, fora do DP da estrada autonómica:

Custe da expropiación dos terrros:	228.560,00 €
Custe da urbanización do vial rodado municipal e beirarrúas:	478.179,72 €
Custe da urbanización do itinerario peonil accesible municipal:	369.750,00 €
Custe da urbanización da parcela dotacional:	22.631,56 €
TOTAL CUSTES ESTIMADOS DA ACTUACIÓN FORA DO DP DA PO-552:	**1.204.049,80 €**

Custe da urbanización dos terreos situados en dominio público viario autonómico:

Custe da urbanización do vial rodado:	55.722,84 €
Custe da urbanización do itinerario peonil accesible:	45.750,00 €
TOTAL CUSTES ESTIMADOS DA ACTUACIÓN DENTRO DO DP PO-552:	**101.472,84 €**

TOTAL CUSTES ESTIMADOS DA ACTUACIÓN: 1.376.544,12 €

Plan especial de infraestruturas para o novo acceso ao CEIP Párroco Don Camilo, en San Andrés de Comesaña (Expte. 18337/411). Aprobación definitiva sesión ordinaria Pleno 31/03/2025 (punto 4 do acta). Asinado Secretario Xeral do Pleno Asinado por: JOSÉ VILLÁN FUERTES Data sinatura: 04/04/2025

2.11 Adecuación paisaxística e ambiental.

De conformidade coa análise territorial realizada, que se desagrega polo miúdo no Documento Ambiental Estratéxico (DAE), se acredita que os terreos non dispoñen de condicións que requiran a protección polos seus valores ambientais ou paisaxísticos. A eses efectos, elaborouse plano de encadre ambiental da actuación proposta, que se recolle na serie específica de análise da Alternativa elixida que se inclúe no DAE.

O espazo paisaxístico se caracteriza, asimesmo, pola presenza do Val do río Lagares, e de redes de comunicación primaria, como é a propia estrada de Camposancos (PO-552), e o continuo espazo terciario empresarial existente ao longo da mesma, en pleno funcionamento, fundamentalmente dende a ubicación da factoría do grupo PSA e demáis industrias do sector do automóvil complementarias, existentes no recinto da Zona Franca Vigo en Balaídos.

En canto á cobertura do solo da unidade de paisaxe, localízase nunha zona de transición do urbano ao diseminado rururbano.



Figura 03. Estudo do encadre ambiental da actuación proposta, recollida nos planos específicos de análise polo miúdo da Alternativa elixida, que se recollen no DAE da AAE xa rematada. Fonte: Elaboración propia.

Pola súa banda, tal e como determina a Lei 7/2008, de 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, e igualmente o Decreto 96/2020, de 29 de maio, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei, o presente PEI contén un Estudo da paisaxe e un Estudo da Paisaxe urbana, proporcionados e específicos ao lugar e ás funcións do PEI, que se achegan como Anexo 6 a este Memoria Xustificativa, o cal, asemade, contribúe a evitar reiteracións innecesarias, cumprindo así a normativa sectorial en materia de paisaxe.

Plan especial de infraestruturas para o novo acceso ao CEIP Párroco Don Camilo, en San Andrés de Comesaña (Expte. 18337/411). Aprobación definitiva sesión ordinaria Pleno 31/03/2025 (punto 4 do acta). Asinado Secretario Xeral do Pleno Asinado por: JOSÉ VILLÁN FUERTES Data sinatura: 04/04/2025

2.12 Xustificación da Alternativa de Ordenación Física escollida.

Figura 04. Esquema da imaxe física da ordenación proposta.

A alternativa 4 resultou a alternativa escollida na avaliación comparativa realizada no DAE, durante o procedemento de avaliación ambiental estratéxica simplificada desenvolvida. O ámbito desta reaxustouse para integrar no mesmo un itinerario peonil accesible, segundo o tratado entre a XMU e a Comisión de Accesibilidade de Galicia, que se organiza contiguo á traza do eixo do vial de acceso ao CEIP.

O novo vial de acceso seguro ao CEIP conta con enlace directo dende a estrada PO-552, coñecida como estrada de Camposancos, o cal se axusta á Orde de 23 de maio de 2019, pola que se regulan os accesos ás estradas de Galicia e ás súas vías de Servizo, e foi analizado polo organismo titular da estrada (AXI), no seo da Consulta Previa tramitada, e o será novamente cando emita novo informe ao respecto, logo da aparobación inicial do PEI.

O acceso proxectado discorre por unha zona despexada de edificacións con lixeira pendente ascendente dende a estrada autonómica, no interior dun ámbito de solo a desenvolver por medio de planeamento secundario diferido. Conta con suficiente espazo para garantir a maniobrabilidade e seguridade na mobilidade dos vehículos de transporte dos alumnos e alumnas. O novo vial de acceso non afecta a espazos protexidos, nin na sua propia traza, nin na contorna, na zona da súa área de influencia.

Ademáis, por medio da proposta achegada, se regulariza e complementa a parcela dotacional actual do CEIP.

Ao discurrir apoiado na rasante dos terreos, e preverse a disposición de arboredo perimetral, nunha zona fortemente antropizada pola inercia dos fluxos consustanciais á actividade vencellada ás dinámicas existentes no vial autonómico, nesta zona do primeiro anel exterior da cidade, non causaría a priori incidencia visual significativa, tal

Plan especial de infraestruturas para o novo acceso ao CEIP Párroco Don Camilo, en San Andrés de Comesaña (Expte. 18337/411). Aprobación definitiva sesión ordinaria Pleno 31/03/2025 (punto 4 do acta). Asinado Secretario Xeral do Pleno Asinado por: JOSÉ VILLÁN FUERTES Data sinatura: 04/04/2025

e como se recolle no informe de consultas ambientais do IET, achegado xunto co Informe Ambiental Estratéxico.

As infraestruturas e os accesos se complementan e coordinan cos existentes, polo que coa proposta de intervención serán suficientes, e non será preciso realizar outras novas inversións para asegurar a accesibilidade. Ademáis, a súa execución, contribuirá a mellorar as condicións da mobilidade na zona. A facilidade de conexión peonil co resto da trama e tecido urbano da zona se valora cun grao alto, xa que vertebra a dotación do CEIP existente coa rede viaria autonómica prinicipal existente, que conta coa consideración de sistema xeral viario. A PO-552 conta cunha sección viaria formada por dous carrís para trafico rodado, unha banda de aparcamento a cada lado do vial e beirarrúas. Esta configuración facilita a accesibilidade directa ao centro docente, dende unha estrada de rango principal, tanto dende o punto de vista rodado como peonil, de conformidade coa Orde de 23 de maio de 2019 e a supervisión previa realizada pola AXI, aliviando, ademáis, o tráfico existente na rede capilar local existente na contorna do CEIP.

Os custes da urbanización do mesmo se vencellan ao trazado do viario proxectado e ás pequenas labores de acondicionamento das rasantes definitivas por medio da compensación de vaciados e desmontes con recheos menores, e a execución de certos muros que permitan definir unha plataforma continua e integrada no medio, sen prexuízo dos correspondentes a´expropiación dos terreos necesarios.

2.13 Xustificación da capacidade das infraestruturas existentes para a implantación dos usos proxectados.

2.13.1 Abastecemento de auga e rede hídrica.

Descrición da rede.
O deseño escollido para a rede e do tipo "ramificado". Dita rede abastecerase coa auga procedente do colector existente na estrada PO-552.

A rede interior do ámbito terá un diámetro Ø63mm. para a condución principal. Non se prevé ningún consumo novo a priori, xa que logo a rede proposta se deixa en previsión de posibles novas conexións.

En calquera caso, tanto no dimensionamento da rede como no resto das características técnicas da mesma, serán obxecto de estudo mais detallado no correspondente Proxecto de Urbanización, aplicando para elo as ITOHG de augas de Galicia.

A representación gráfica das redes aquí mencionadas se recollen no "Plano de Redes de abastecemento" dos planos complementarios de desenvolvemento e análise da alternativa elixida recollidos no DAE, e ten carácter orientativo. Polo tanto, o deseño definitivo da rede se definirá polo miúdo con maior profundidade en canto as demandas específicas da actuación, no proxecto de urbanización correspondente.

Plan especial de infraestruturas para o novo acceso ao CEIP Párroco Don Camilo, en San Andrés de Comesaña (Expte. 18337/411). Aprobación definitiva sesión ordinaria Pleno 31/03/2025 (punto 4 do acta). Asinado Secretario Xeral do Pleno Asinado por: JOSÉ VILLÁN FUERTES Data sinatura: 04/04/2025

Figura nº05. Rede de abastecemento.

2.13.2 Saneamento. Pluviais

Figura nº06. Rede de saneamento de augas pluviais.

Se prevé unha nova rede de pluviais. No ámbito da actuación non se atopan redes fluviais, ríos, regatos ou regos e conseguintemente se acredita que non se afecta directamente á rede hidrográfica pública polas obras de urbanización.

Plan especial de infraestruturas para o novo acceso ao CEIP Párroco Don Camilo, en San Andrés de Comesaña (Expte. 18337/411). Aprobación definitiva sesión ordinaria Pleno 31/03/2025 (punto 4 do acta). Asinado Secretario Xeral do Pleno Asinado por: JOSÉ VILLÁN FUERTES Data sinatura: 04/04/2025

A rede de pluviais proposta, recollida nos planos complementarios de desenvolvemento e análise da alternativa elixida recollidos no DAE, busca o máximo aproveitamento das pendentes existentes, de modo que traballe en todo momento por gravidade, sen necesidade de dispor de elementos de impulsión para seu correcto funcionamento.

Conforme ao sinalado no artigo 21 da Orde do 23 de maio de 2019, pola que se regulan os accesos ás estradas de Galicia e as súas vía de servizo, establéecese na zona de conexión do acceso coa estrada PO- 552 unha contrapendente do 1% para garantir unha correcta drenaxe da auga de escorrega que discorra pola vía secundaria, evitando a súa chegada á calzada da estrada autonómica. Conseguintemente, ademais, proponse a disposición dunha reixa de recollida e evacuación das augas pluviais no punto baixo do encontro entre pendentes da vía de acceso ao colexio e da estrada PO-552.

A rede de pluviais se establece unha condución de Ø315mm, ou superior se se estimase necesario, a que se irán conectando as diferentes acometidas dos embornais da rede viaria proposta. A rede de pluviais proposta se conectará á rede separativa existente na estrada PO-552.

Por último, convén recordar que tanto o dimensionado da rede como o seu trazado teñen un carácter orientativo, pois a pesar de que a demanda está estabilizada, pode ser preciso estudar novamente estas cuestións cando se desenvolva correspondente proxecto de urbanización é se analicen pólo miúdo as características específicas de cada servizo e as necesidades municipais.

2.13.3 Enerxía eléctrica e iluminación pública.

Figura nº07. Esquema da rede eléctrica.

Plan especial de infraestruturas para o novo acceso ao CEIP Párroco Don Camilo, en San Andrés de Comesaña (Expte. 18337/411). Aprobación definitiva sesión ordinaria Pleno 31/03/2025 (punto 4 do acta). Asinado Secretario Xeral do Pleno Asinado por: JOSÉ VILLÁN FUERTES Data sinatura: 04/04/2025

Figura nº08. Esquema de iluminación.

Se prevé unha rede de distribución eléctrica que se conectará á rede de enerxía eléctrica existente na zona, a través da estrada PO-552. Non se prevé ningún consumo novo, a rede proposta se deixa en previsión de posibles novas conexións.

A rede proposta, de carácter orientativo, resólvese con 3 tubos de 160 mm e 1 tubo de 125mm de diámetro. Ditos planos se recollen nos planos complementarios de desenvolvemento e análise da alternativa elixida recollidos no DAE.

Por último, convén recordar que tanto o dimensionamento da rede como o seu trazado teñen un carácter orientativo, pois pode ser preciso estudar novamente estas cuestións cando se desenvolva correspondente Proxecto de Urbanización é se analice pólo miúdo as características específicas de cada servizo e as necesidades municipais.

A rede de alumeado público se conectará á rede de enerxía eléctrica existente na estrada PO-552. A rede proposta resolvese con 2 tubos de 110mm e 1 tubo de 63mm de diámetro, en aplicación da Ordenanza municipal reguladora de las instalacións de iluminación exterior.

A disposición das luminarias establécese cunha distancia en planta entre as mesmas de entre 20 e 25 metros. En calquera caso, se estudiará con maior detalle no proxecto de urbanización correspondente, una vez coñecidas as demandas concretas de funcionamento da zona a urbanizar.

Plan especial de infraestruturas para o novo acceso ao CEIP Párroco Don Camilo, en San Andrés de Comesaña (Expte. 18337/411). Aprobación definitiva sesión ordinaria Pleno 31/03/2025 (punto 4 do acta). Asinado Secretario Xeral do Pleno Asinado por: JOSÉ VILLÁN FUERTES Data sinatura: 04/04/2025

2.13.4 Telecomunicacións.

Figura nº08a. Esquema da rede de telecomunicacións.

O deseño da rede de telecomunicacións previsto para o novo vial adaptarase ao cumprimento da Lei 11/2022, do 28 de xuño, Xeneral de Telecomunicacións e á serie de normas UNE 133100:2021.

Inicialmente, previuse unha infraestrutura de con 6 tubos de PE-DP 63mm, pero a configuración final adaptarase durante a redacción do proxecto de urbanización ao prescrito nas normas UNE anteriormente citadas, garantindo o uso de estas infraestruturas aos distintos operadores en condicións de igualdade, transparencia e non discriminación.

(Tradución al castellano del apartado 2.13.4. Telecomunicaciones:

"El diseño de la red de telecomunicaciones previsto para el nuevo vial se adaptará al cumplimiento de la Ley 11/2022, de 28 de junio, General de Telecomunicaciones y a la serie de normas UNE 133100:2021.

Inicialmente, se ha previsto una infraestructura con 6 tubos de PE-DP 63mm, pero la configuración final se adaptará durante la redacción del proyecto de urbanización a lo prescrito en las normas UNE anteriormente citadas, garantizando el uso de estas infraestructuras a los distintos operadores en condiciones de igualdad, transparencia y no discriminación".)

2.13.5 Rede de Gas.

Non se contempla.

Plan especial de infraestruturas para o novo acceso ao CEIP Párroco Don Camilo, en San Andrés de Comesaña (Expte. 18337/411). Aprobación definitiva sesión ordinaria Pleno 31/03/2025 (punto 4 do acta). Asinado Secretario Xeral do Pleno Asinado por: JOSÉ VILLÁN FUERTES Data sinatura: 04/04/2025

2.13.6 A rede viaria interior e os aparcadoiros.

A ordenación prevista establece a localización dunha zona de estacionamento de vehículos en cada sentido, con capacidade para 22 prazas, das cales 4 serán para persoas con mobilidade reducida. Ademáis, se contemplan dúas prazas de estacionamento de autocares que poden funcionar igualmente como zonas de carga e descarga.

A rede viaria é moi breve e sinxela, conectando coa estrada PO-552 na cota inferior e ascendendo cunha directriz recta ata ao enlace co camiño existente proviñente do núcleo de Eixido, dende o Camino Pedreira.

Se garante así a mellor funcionalidade da acesibilidade coas menores obras de urbanización precisas, deseñando unha nova infraestrutura viaria, con eixo transversal á estrada autonómica, na que dar soporte aos novos aparcadoiros públicos previstos e definindo un fondo en rotonda, onde se localizan as zonas de parada dos autocares, dende a que resolver o acceso ao CEIP. Así mesmo, nese punto, onde igualmente se propón a regularización da superficie da parcela do CEIP, existirá un acceso para vehículos, polo que poderán acceder ao interior da parcela. O vial proxectado contempla igualmente a resolución da mobilidade peonil e a mobilidade sostible alternativa.

Figura nº08b. Esquema da imaxe física orientativa e a parcela de equipament ao Sur-Este do novo acceso.

Plan especial de infraestruturas para o novo acceso ao CEIP Párroco Don Camilo, en San Andrés de Comesaña (Expte. 18337/411). Aprobación definitiva sesión ordinaria Pleno 31/03/2025 (punto 4 do acta). Asinado Secretario Xeral do Pleno Asinado por: JOSÉ VILLÁN FUERTES Data sinatura: 04/04/2025



Figura nº09. Esquema da rede viaria e a parcela de equipamento.

Fora da área do dominio público estimada da estrada PO-552, nomeadamente sobre as parcelas que hoxe son de titularidade privada e camiños municipais, proponse localizar unha superficie de rede viaria adicada a tráfico rodado de 2.214,00 m², mentres que a adicada ao tránsito peonil ascende a unha superficie de 3.609,00 m². Pola sua banda, na zona que constitúe dominio público da estrada autonómica localízase unha superficie de 258,00 m² adicada ao tráfico rodado e unha de 305,00 m² adicada ao tránsito peonil.

Encadre paisaxístico e ambiental.

No Plano de Imaxe física, se recolle a imaxe orientativa da proposta final do vial de acceso. Sen prexuízo de que, para a súa representación se empregou definición gráfica e pormenor formal, coa exclusiva razón de garantir a súa comprensión, se trata de ordenación non vinculante, e que se perfilará definitivamente no Proxecto constructivo ou de urbanización do vial de acceso, segundo o que ao efecto determinen os Servizos de Urbanización e Infraestruturas da XMU, a normativa do PXOU 93, ou aquel que o substitúa, e a Guía de boas prácticas en intervencións en espazos públicos editada pola Consellería.

Plan especial de infraestruturas para o novo acceso ao CEIP Párroco Don Camilo, en San Andrés de Comesaña (Expte. 18337/411). Aprobación definitiva sesión ordinaria Pleno 31/03/2025 (punto 4 do acta). Asinado Secretario Xeral do Pleno Asinado por: JOSÉ VILLÁN FUERTES Data sinatura: 04/04/2025

Figura nº 10. Encadre da proposta no medio circundante sobre imaxe do PNOA.

Conforme a elo, a súa utilidade e amosar a adecuación da proposta concreta aos condicionantes territoriais e paisaxísticos, reiterando pois, que a súa formalización grafada non é vinculante, xa que logo poderá reaxustarse tanto o deseño da súa sección, así como os materiais e acabados concretos a empregar no mesmo, o cal se definirá polo miúdo no correspondente Proxecto de Urbanización.

Sen embargo, en dito plano se recolle o fundamento específico do criterio de deseño a seguir no proxecto de urbanización, no que fai referencia aos vectores de accesibilidade, percorridos peonís, aparcadoiros, así como a definición xeométrica da actuación, e o seu acomodo mediante plataformas ou banqueos á topografía existente, que se tomarán como referencia no proxecto de urbanización, para garantir a harmonía na composición do novo espazo público proxectado.

Como xa se ven de indicar, a implantación grafada, no tocante á configuración final da distribución e dimensións da sección viaria ten carácter indicativo, pudendo reaxustarse igualmente no proxecto de urbanización final os acabados e materiais a empregar.

Plan especial de infraestruturas para o novo acceso ao CEIP Párroco Don Camilo, en San Andrés de Comesaña (Expte. 18337/411). Aprobación definitiva sesión ordinaria Pleno 31/03/2025 (punto 4 do acta). Asinado Secretario Xeral do Pleno Asinado por: JOSÉ VILLÁN FUERTES Data sinatura: 04/04/2025



Figura nº 11. Perfís do terreo onde se aprecia o acomodo do viario proxectado á topografía.

Plan especial de infraestruturas para o novo acceso ao CEIP Párroco Don Camilo, en San Andrés de Comesaña (Expte. 18337/411). Aprobación definitiva sesión ordinaria Pleno 31/03/2025 (punto 4 do acta). Asinado Secretario Xeral do Pleno Asinado por: JOSÉ VILLÁN FUERTES Data sinatura: 04/04/2025

2.14 Xustificación da adecuación da proposta ás determinacións das Directrices da Paisaxe Galega.

O día 1 de febreiro de 2021 publicouse no DOG nº 20 o Decreto 238/2020, do 29 de decembro, polo que se aproban as Directrices de paisaxe de Galicia.

Logo da aprobación do Catálogo das paisaxes de Galicia, polo Decreto 119/2016, do 28 de xullo, publicado no DOG nº 160, do 25 de agosto, o artigo 10 da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, regula a figura das Directrices de paisaxe como as determinacións que, baseadas nos catálogos da paisaxe, definen e precisan, para cada unidade de paisaxe, os obxectivos de calidade paisaxística que se pretenden alcanzar. As Directrices de paisaxe inclúen:

a) A definición dos obxectivos de calidade paisaxística para cada unidade de paisaxe.
b) Unha proposta de medidas e accións específicas para acadar os obxectivos de calidade e de recuperación daquelas áreas en que existen ámbitos degradados.
c) Unha descrición dos indicadores de calidade paisaxística para o control e seguimento do estado e da evolución das unidades de paisaxe.
d) Unha serie de normas e recomendacións para a definición dos plans urbanísticos e sectoriais e das estratexias rexionais ou locais encamiñadas a un desenvolvemento sustentable do territorio, co fin de integrar neles os obxectivos de calidade paisaxística.

De acordo co sinalado no punto 8 das DOT, as administracións públicas integrarán, conforme os criterios da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, a consideración da paisaxe nos instrumentos de ordenación territorial e urbanística.

En canto aos obxectivos de calidade paisaxística do anexo I das DPG, a actuación se encadra nomeadamente entre os obxectivos xerais:

"OX.1. Unhas paisaxes protexidas, ordenadas e xestionadas co obxecto de respectar e manter o carácter dos diferentes tipos de paisaxe baixo principios de sustentabilidade e de procurar a mellora da calidade de vida da cidadanía.
OX.2. Unhas paisaxes heteroxéneas en que o mosaico paisaxístico sexa entendido como un valor en si mesmo, mantendo unha matriz paisaxística que outorgue variedade textural e perceptiva e evitando a banalización e o abandono.
OX.3. Unhas paisaxes en que se manteña a interface que xeran as combinacións harmónicas, evitando a fragmentación e as grandes continuidades que homoxeinizan a paisaxe.
OX.4. Unhas paisaxes en que se manteña a singularidade a través da preservación e potenciación dos valores referenciais que as conforman.
OX.5. Unhas paisaxes vivas, accesibles e que poidan ser desfrutadas pola

Plan especial de infraestruturas para o novo acceso ao CEIP Párroco Don Camilo, en San Andrés de Comesaña (Expte. 18337/411). Aprobación definitiva sesión ordinaria Pleno 31/03/2025 (punto 4 do acta). Asinado Secretario Xeral do Pleno Asinado por: JOSÉ VILLÁN FUERTES Data sinatura: 04/04/2025

cidadanía. Creación dunha cultura da paisaxe mediante recursos didácticos e formativos.
OX.6. Unhas paisaxes de valor natural e ecolóxico que preserven a súa calidade, biodiversidade e singularidade e nas cales sexa compatible a preservación deses valores co aproveitamento de recursos e o desfrute da cidadanía.
OX.7. Unhas paisaxes agrarias, gandeiras e forestais en que a actividade produtiva sexa compatible co mantemento da estrutura paisaxística, cos valores históricos do territorio e coa funcionalidade dos asentamentos como lugar de habitación.
OX.8. Unhas paisaxes urbanas ben dimensionadas, nas cales os materiais e volumes se adapten á paisaxe da contorna e nas cales se procure a compactidade fronte á dispersión.
OX.9. Unhas paisaxes produtivas integradas na contorna e que atendan ás condicións paisaxísticas do ámbito en que se insiren.
OX.10. Unhas paisaxes vinculadas a valores patrimoniais que poñan de manifesto a relevancia histórica, simbólica e identitaria dos elementos patrimoniais materiais e inmateriais."

Pola sua banda, a actuación pretendida non se encadra en ningún dos casos dos recollidos no Anexo II, Medidas e accións para os ámbitos de especial atención paisaxística, que se enumeran de seguido:

"A. Paisaxes urbanas degradadas.
B. Liñas eléctricas de alta tensión e parques eólicos.
C. Explotacións mineiras, canteiras e extracción de areas ou terras.
D. Áreas degradadas por outros impactos ambientais e paisaxísticos.
E. Actividades industriais ou empresariais mal integradas na paisaxe.
F. Zonas abandonadas.
G. Repoboacións forestais con especies alóctonas."

No Anexo IV se recollen as Normas e Recomendacións das Directrices.

Nas Disposicións de carácter xeral recollidas no epígrafe 4.1 se sinala nomeadamente:

"***Calquera plan**, programa ou proxecto **que se desenvolva en Galicia deberá tomar en consideración no seu deseño, na súa aplicación e na execución das actuacións que implique, os valores paisaxísticos** e o carácter diferenciado das grandes áreas paisaxísticas e dos diferentes tipos de paisaxes, identificados e analizados no Catálogo das paisaxes de Galicia.*
A consideración da paisaxe atenderá a todos os valores de tipo natural, cultural e perceptivo que a configuran.
....
As directrices xerais aplícanse en función do obxecto a que se refiren, en todas as grandes áreas paisaxísticas e en calquera tipo de paisaxe.
As directrices específicas establécense en función dos tipos de paisaxe a que corresponden as unidades de paisaxe delimitadas polo Catálogo das

Plan especial de infraestruturas para o novo acceso ao CEIP Párroco Don Camilo, en San Andrés de Comesaña (Expte. 18337/411). Aprobación definitiva sesión ordinaria Pleno 31/03/2025 (punto 4 do acta). Asinado Secretario Xeral do Pleno Asinado por: JOSÉ VILLÁN FUERTES Data sinatura: 04/04/2025

paisaxes de Galicia. Ademais, fíxanse unhas directrices específicas para as áreas de especial interese paisaxístico e os ámbitos de especial atención paisaxística.

....

As normas (sinaladas cun N en cada caso) terán carácter obrigatorio para os instrumentos de planificación sectorial e urbanística e para as estratexias rexionais e locais. A pesar de estaren formuladas en termos vinculantes, terán diferentes niveis de intensidade: ben expresando unha limitación ou condición directa non susceptible de variantes ou alternativas, ben deixando un maior grao de liberdade en canto ao modo de chegar ao resultado previsto.

As recomendacións (sinaladas cun R en cada caso), formuladas en termos orientativos, suxiren limitacións ou condicións de carácter xenérico, que poden ser acadadas de diversas formas, ben que o seu carácter de recomendación implica que carecen do carácter obrigatorio que é predicable das normas. En particular, as solucións ou orientacións expresadas nas recomendacións formúlanse coa condición de que sexan técnica e economicamente viables, que non condicionen a funcionalidade da actuación e que sexan acordes cos informes técnicos que emitan os órganos competentes, nos oportunos procedementos administrativos de autorización ou aprobación, consonte a correspondente normativa sectorial.

***Os plans**, programas ou proxectos **deben xustificar, na súa memoria, o cumprimento destas Directrices de paisaxe**. No caso das normas de carácter excluínte, mediante a oportuna acreditación ou descrición dos medios e do fin que se pretende acadar e, no caso das normas cun maior grao de flexibilidade en canto aos medios, dun xeito máis aberto, sen prexuízo do seu fin vinculante.*

Finalmente, as directrices de carácter orientativo (recomendacións), ben que non obrigan a seguir as súas prescricións, si exixen que se deba describir e xustificar a solución concreta por que se opta para o caso de que non se cumpra con estas determinacións e se opte por separarse dos criterios recollidos nelas."

....

4.2.4. Directrices para actuacións e elementos da paisaxe.

Estas directrices están dirixidas a elementos caracterizadores do territorio, que poden aparecer en calquera tipo de paisaxe e que teñen unha elevada incidencia potencial sobre ela. Desenvólvense mediante determinacións orientadas a acadar os obxectivos de calidade paisaxística específicos para estes elementos e son de aplicación en todo o territorio de Galicia, xa que se comprobou que os índices de intervención desexada para estes elementos (polígonos industriais, centrais hidroeléctricas e térmicas, parques eólicos, infraestruturas, elementos do patrimonio cultural materiais ou intanxibles, Camiño de Santiago, sendas, viarios históricos e tradicionais, miradoiros, cerramentos, valados ou sebes) non presentaban diferenzas significativas entre as doce grandes áreas paisaxísticas.

….

Plan especial de infraestruturas para o novo acceso ao CEIP Párroco Don Camilo, en San Andrés de Comesaña (Expte. 18337/411). Aprobación definitiva sesión ordinaria Pleno 31/03/2025 (punto 4 do acta). Asinado Secretario Xeral do Pleno Asinado por: JOSÉ VILLÁN FUERTES Data sinatura: 04/04/2025

4.2.4.4. Infraestruturas e vías de comunicación.

"DX.21. Establécense as seguintes directrices para os instrumentos de planificación e os proxectos de infraestruturas e vías de comunicación:
a) (N) A planificación sectorial e os proxectos de infraestruturas viarias e ferroviarias adoptarán as solucións requiridas para maximizar a súa integración paisaxística e amortecer así o seu impacto na paisaxe. Esta integración poderá sustentarse en estratexias de singularización nos casos que poidan constituír elementos de interese paisaxístico, como poden ser pontes, viadutos ou outros elementos de carácter singular ou monumental."

Trátase dun vial de moi escasa entidade no seu contexto territorial, sen especial interese paisaxístico. A pesar de elo, se artellan medidas de integración paisaxística como a introducción de arboredo ao longo do mesmo e mesmo en bosquetes na zona de chegada, ás portas do CEIP.

"b) (R) Empregaranse as técnicas e solucións de integración paisaxística máis recentes nas novas infraestruturas viarias; do mesmo xeito estableceranse medidas de integración das infraestruturas existentes que minimicen o seu impacto."

Se artellan medidas de integración paisaxística como a introducción de arboredo ao longo do mesmo e mesmo en bosquetes na zona de chegada, ás portas do CEIP.

"c) (R) Nos proxectos sempre se analizará a alternativa de acondicionar estradas existentes fronte á construción de novas vías."

Estudiuose esta alternativa pero non existen vias que conduzan ao CEIP más que a actualmente existente.

"d) A integración paisaxística das infraestruturas viarias existentes e das novas terá en conta os seguintes criterios:
1. (R) Os trazados das novas estradas axustaranse o máximo posible á topografía, co fin de minimizar os movementos de terras e a aparición de noiros e desmontes."

O trazado do vial proxectado acomódase á topografía existente, minimizando os movementos de terras e compensando, no posible, desmontes e recheos.

"2. (N) As infraestruturas viarias adaptaranse á topografía mediante a construción de túneles, falsos túneles e viadutos nos casos en que a avaliación das alternativas determine que sexan necesarios, de xeito que se minimice a fragmentación da paisaxe e se reduza a superficie de noiros."

O novo vial proxectado acomódase á topografía existente, minimizando a fragmentación da paisaxe e os movementos de terras, compensando, no posible, desmontes e recheos.

"3. (R) Os pasos sobre cursos de auga resolveranse, sempre que sexa posible, evitando a canalización e a redución da sección natural dos

Plan especial de infraestruturas para o novo acceso ao CEIP Párroco Don Camilo, en San Andrés de Comesaña (Expte. 18337/411). Aprobación definitiva sesión ordinaria Pleno 31/03/2025 (punto 4 do acta). Asinado Secretario Xeral do Pleno Asinado por: JOSÉ VILLÁN FUERTES Data sinatura: 04/04/2025

corredores ecolóxicos, para o cal se evitarán os estribos de recheo."

Non se producen no presente caso cruces sobre cursos de auga.

"4. (N) No deseño dos noiros buscarase o mellor equilibrio posible entre a súa pendente e a ocupación de solo."

A integración do vial na topografía existente dará como resultado a mínima existencia de noiros cara os terreos contiguos.

"5. (N) Cando as pontes e demais estruturas provoquen un notable impacto visual, como ocorre cando se localizan nunha área de especial interese paisaxístico ou nunha zona de grande exposición visual, así como cando xeran unha bacía visual moi ampla, serán obxecto dun deseño coidado en que se prime a esvelteza e a singularidade formal fronte á estandarización. En particular, calquera nova ponte de máis de 50 metros de lonxitude requirirá informe do organismo competente en materia de paisaxe."

Non existen pontes no presente caso.

"6. (N) Nos muros de máis de tres metros visibles desde unha área de especial interese paisaxístico, así como nos que xeren unha bacía visual moi ampla, aplicarase o tratamento máis axeitado para a súa integración paisaxística."

Non existen nin se contemplan muros de esa entidade no presente caso.

"7. (N) Cando se realicen apantallamentos vexetais, empregaranse preferentemente especies arbustivas ou arbóreas autóctonas semellantes ás existentes na contorna."

Empréganse especes autóctonas, semellantes ás existentes na contorna.

"8. (N) Levarase a cabo a revexetación dos elementos viarios tales como medianas, noiros ou rotondas empregando sempre especies vexetais autóctonas. No caso das vías de menor entidade (camiños, pistas ou similares) o uso da vexetación acompañando a vía axuda a reducir o seu impacto na paisaxe, sobre todo cando se empregan árbores autóctonas propias do lugar."

"9. (N) Deseñarase un tratamento axeitado dos noiros e dos espazos do dominio público co fin de favorecer a continuidade paisaxística e territorial."

Non existen noiros e espazos de dominio público, se ben se contempla acadar a continuidade paisaxística e territorial.

"10. (N) Buscarase a integración cromática de elementos construtivos, como poden ser os muros ou o gunitaxe."

Non existen nin se contemplan muros que sexa preciso integrar cromáticamente.

Plan especial de infraestruturas para o novo acceso ao CEIP Párroco Don Camilo, en San Andrés de Comesaña (Expte. 18337/411). Aprobación definitiva sesión ordinaria Pleno 31/03/2025 (punto 4 do acta). Asinado Secretario Xeral do Pleno Asinado por: JOSÉ VILLÁN FUERTES Data sinatura: 04/04/2025

"11. (N) Adoptaranse as medidas necesarias para a integración paisaxística de edificios asociados. Tanto os edificios de servizo como o seu mobiliario de sinalización e iluminación deseñaranse de xeito que se integren da mellor maneira posible na contorna onde se sitúan, tanto en canto a localización, volume e estética como a tratamento cromático."

Non existen novos edificios asociados á actuación, maís aló do CEIP e as edificacións residenciais cercanas.

"12. (N) Retiraranse os carteis, paneis e demais sinalética de obras ou actuacións públicas unha vez finalizadas e rematado o prazo de permanencia que determinen, se for o caso, os compromisos adquiridos para o seu financiamento. Do mesmo xeito, asegurarase un deseño dos citados elementos que, na medida do posible, minimice o seu impacto na paisaxe."

Cumprirase esta circunstancia.

"e) (R) Impulsarase a eliminación ou ordenación de infraestruturas viarias obsoletas. Preverase a eliminación de elementos e tramos que entren en desuso, así como a integración das novas superficies xeradas (vertedoiros, préstamos,...), restaurándoos segundo as características da contorna e promovendo, na medida do posible, o retorno a usos preexistentes ou de utilidade pública para evitar espazos abandonados."

O tramo de vial que constitúe o actual acceso ao CEIP quedará como acceso secundario, destinándose principalmente ao acceso ás vivendas existentes no mesmo.

"f) (N) Calquera proxecto de nova vía de titularidade estatal ou autonómica, así como de calquera nova vía de comunicación nunha área de especial interese paisaxístico, calculará a bacía visual desde as alternativas de trazado e analizará o impacto da vía nos tipos de paisaxe, nos valores paisaxísticos e nos lugares de especial interese paisaxístico existentes nesa bacía visual, así como a superficie de área de especial interese paisaxístico incluída na bacía visual de cada alternativa de trazado."

Non nos atopamos, no presente caso, nunha área de especial interese paisaxística.

"g) (R) As vías de transporte e comunicación constitúen sendas visuais, cunha escena paisaxística propia, polo que deben terse en consideración os seguintes criterios:
1. Se porá en valor as infraestruturas como xeradoras de identidade e as vías de comunicación como medio de acceso ás paisaxes."

O novo vial constitúe a resolución dun problema grave para a comunidade escolar do CEIP, polo que aportará unha importante mellora na calidade de vida e a seguridade viaria na zona, integrándose na paisaxe do lugar de xeito amable e respectuoso co entorno e o medio circundante, adaptado á topografía existente e contando con

Plan especial de infraestruturas para o novo acceso ao CEIP Párroco Don Camilo, en San Andrés de Comesaña (Expte. 18337/411). Aprobación definitiva sesión ordinaria Pleno 31/03/2025 (punto 4 do acta). Asinado Secretario Xeral do Pleno Asinado por: JOSÉ VILLÁN FUERTES Data sinatura: 04/04/2025

arboredo autóctono que favorecerá a súa ensamblaxe territorial.

> *"2. Conservarase o valor patrimonial das tramas viarias de raíz histórica cunha integración harmónica na paisaxe."*

Non existen tramas viarias históricas no presente caso.

> *"3. Asegurarase a conservación das corredoiras e rueiros tradicionais, así como dos muros tradicionais asociados a estes, tanto en solo de núcleo rural como en solo rústico."*

Non existen corredoiras nin rueiros tradicionais, nin tampouco muros tradicionais asociados.

> *"4. Os sistemas de luminarias empregados nas infraestruturas planificaranse de xeito que reduzan a contaminación lumínica e tendo en conta criterios de integración paisaxística, como cor, intensidade, distribución ou ritmo."*

Empregarase iluminación con tecnoloxía LED, dispoñendo o punto de luz a menor altura posible.

> *"5. Fomentarase a ordenación paisaxística das actividades asociadas aos eixos viarios con incidencia visual (edificios, produtos expostos ao aire libre, instalacións adxacentes, rotulación ou similares)."*

Mellorarase a fachada do CEIP na zona onde se localiza o novo acceso proxectado, o cal redundará nunha mellor imaxe conxunta da actuación e unha mellor integración xeral no medio.

> *"h) (R) Mellorarase a sinalización, acondicionamento e mantemento de rutas paisaxísticas, para o cal:*
> *1. Se porá en valor a función da rede de estradas e dos camiños como itinerarios para a percepción do territorio."*

Na urbanización do vial terase en conta a orixe do mesmo, como antesala do acceso a un centro de formación infantil. A estes efectos, acondicionarase con especial mimo e coidado a zona onde realizará a parada dos autocares, ao tratarse dunha zona de espera dos escolares, como vestíbulo do centro.

> *"2. Mellorarase a sinalización dos itinerarios de interese paisaxístico existentes."*

Non existen itinerarios de interese paisaxístico no presente caso.

> *"3. Identificaranse os tramos de estradas que deban ser protexidos polas súas vistas panorámicas."*

Non existen tramos de estradas que deban ser protexidos polas súas vistas panorámicas no presente caso.

> *"4. Na planificación de novas estradas tomaranse en consideración os*

Plan especial de infraestruturas para o novo acceso ao CEIP Párroco Don Camilo, en San Andrés de Comesaña (Expte. 18337/411). Aprobación definitiva sesión ordinaria Pleno 31/03/2025 (punto 4 do acta). Asinado Secretario Xeral do Pleno Asinado por: JOSÉ VILLÁN FUERTES Data sinatura: 04/04/2025

valores panorámicos daqueles tramos desde os cales se aprecien vistas de interese do mar, as rías, os vales, o horizonte ou outros fitos paisaxísticos de interese. Para tal fin evitarase a ocultación das vistas, e, se resultar viable, preveranse áreas ou puntos de parada para a contemplación da paisaxe."

Se ben no presente vial non existen vistas de especial interese, sí se define un punto, ao final do mesmo, onde se realizará o novo acceso ao CEIP, que se acondicionará como punto de estancia, dende o que se poderá observar a zona baixa do fondo do val do Lagares.

"5. Equiparanse as estradas con espazos para miradoiros e elementos de interpretación da paisaxe; asemade dispoñeranse áreas de descanso en puntos estratéxicos para a observación de espazos de especial interese paisaxístico ou de bacías visuais amplas."

"6. Mellorarase a sinalización de elementos ou áreas de especial interese paisaxístico."

Non existen áreas de especial interese paisaxístico no presente caso.

"7. Estableceranse criterios e regras de deseño dos sinais de itinerarios de interese paisaxístico, miradoiros, áreas de especial interese paisaxístico ou análogos que aseguren a súa calidade estética e a súa integración na paisaxe."

Non existen itinerarios de interese paisaxístico no presente caso.

"8. Recuperaranse para rutas paisaxísticas as sendas e camiños en desuso ou en mal estado de conservación nas cales existan ou que atravesen áreas con especiais valores paisaxísticos."

Non existen camiños vellos que se podan tornar en rutas paisaxísticas no presente caso.

"i) (R) Co fin de minimizar o impacto paisaxístico e visual e de conformidade coa determinación 4.6.7 das DOT, polo que atinxe ás infraestruturas de telecomunicacións:
1. Consideraranse como localizacións preferentes en calquera clase de solo as instalacións preexistentes de telecomunicación, as instalacións destinadas á publicidade, as construcións ou instalacións industriais ou comerciais e outras infraestruturas ou mobiliario urbano, sempre que sexa compatible.
2. As súas dimensións e características serán as que, preservando a funcionalidade da instalación, produzan un menor impacto visual.
3. Evitarase a implantación en lugares protexidos ben pola lexislación reguladora do patrimonio histórico ben pola de protección do ambiente, sen prexuízo dos dereitos de ocupación do dominio público e privado previstos na lexislación básica en materia de telecomunicacións.
j) (R) Sempre que sexa posible, concentrarase a instalación das antenas

Plan especial de infraestruturas para o novo acceso ao CEIP Párroco Don Camilo, en San Andrés de Comesaña (Expte. 18337/411). Aprobación definitiva sesión ordinaria Pleno 31/03/2025 (punto 4 do acta). Asinado Secretario Xeral do Pleno Asinado por: JOSÉ VILLÁN FUERTES Data sinatura: 04/04/2025

emisoras e de repetición, aínda que sexan de diferentes titulares, nas mesmas localizacións, de xeito que se instalen nun único báculo ou se minimice o número destes.
k) (N) A localización de novas antenas minimizará o impacto nas áreas de especial interese paisaxístico e nos miradoiros identificados polo Catálogo das paisaxes de Galicia.
l) (N) Sen prexuízo da normativa técnica aplicable, as antenas e as súas construcións anexas deberán ser obxecto dun adecuado tratamento estético, de tal xeito que a forma e altura dos elementos que as integran, e os seus materiais e cores, se escollan co criterio de minimizar os impactos visuais negativos sobre a contorna, procurando un deseño acorde coas características cromáticas, volumétricas, naturais e paisaxísticas do lugar.
m) (R) Priorizarase a localización das infraestruturas aéreas (como poden ser as liñas telefónicas) nas trazas das infraestruturas de transporte ou agruparanse en corredores establecidos polos instrumentos sectoriais."

2.15 Xustificación do cumprimento da Lei 10/2014, de accesibilidade e demais normativa autonómica e estatal de accesibilidade e supresión de barreiras.

Conforme ás determinacións do artigo 43.3 da Lei 2/2016, do solo de Galicia, o Plan Especial de Infraestruturas adecúase ás previsións necesarias para evitar a aparición de barreiras arquitectónicas e urbanísticas, de conformidade co que determina a normativa vixente en materia de accesibilidade.

Así, o vial proxectado adáptase ás prescricións da Lei 10/2014, de 3 de decembro, de accesibilidade na comunidade autónoma de Galicia, así como ás disposicións contidas naquela en referencia ao Regulamento de desenvolvemento, aprobado por Decreto 35/2000, de 28 de xaneiro, coas especificacións de transitoriedade contidas na anterior Lei da materia, sen prexuízo dos condicionantes topográficos propios da zona.

Adxúntase folla resumo do cumprimento do Decreto 35/2000 (D.O.G. 29.02.00) e a súa modificación Decreto 74/2013 (D.O.G. 22.05.13), en desenvolvemento da devandita Lei 10/2014, de accesibilidade en Galicia.

Plan especial de infraestruturas para o novo acceso ao CEIP Párroco Don Camilo, en San Andrés de Comesaña (Expte. 18337/411). Aprobación definitiva sesión ordinaria Pleno 31/03/2025 (punto 4 do acta). Asinado Secretario Xeral do Pleno Asinado por: JOSÉ VILLÁN FUERTES Data sinatura: 04/04/2025

CONCEPTO	PARÁMETRO	MEDIDAS SEGUNDO DECRETO		PROXECTO
		ADAPTADO	PRACTICABLE	
ITINERARIOS PEONÍS Base 1.1.1	ÁREAS DESENVOLVIDAS POR PLAN INTEGRAL	ANCHO LIBRE 1.80m (Con obstáculos puntuais 1.50m.)	ANCHO LIBRE 1.50m (Con obstáculos puntuais 1.20m.)	CUMPRE
	RESTO DE ÁREAS	ANCHO LIBRE 0,90m	ANCHO LIBRE 0,90m	CUMPRE
	PENDENTE MÁX. LONGITUDINAL	10%	12%	CUMPRE
	ALTURA MÍNIMA LIBRE DE OBSTÁCULOS	2,20m	2,10m	CUMPRE
ITINERARIOS MIXTOS Base 1.1.2	ANCHO MÍNIMO LIBRE DE OBSTÁCULOS	3,00m (Con obstáculos 2,50m)	2,50m (Con obstáculos 2,20m)	-
	PENDENTE MÁX. LONGITUDINAL	8%	10%	-
	ALTURA MÍNIMA LIBRE DE OBSTÁCULOS	3,00m	2,20m	-
PASOS PEONÍS PERPENDICULARES SENTIDO ITINERARIO Base 1.1.3 A	ÁREAS DESENVOLVIDAS POR PLAN	ANCHO LIBRE 1,80m	ANCHO LIBRE 1,50m	-
	RESTO DE ÁREAS	ANCHO LIBRE 1,50m	ANCHO LIBRE 1,20m	CUMPRE
	PENDENTE MÁX	12%	14%	CUMPRE
	ANCHO LIBRE MÍNIMO BEIRARRÚAS	0,90m	0,90m	CUMPRE
PASOS PEONÍS SENTIDO DE ITINERARIO Base 1.1.3B	LONXITUDE MÍNIMA ANCHO MÍNIMO	1,50m 0,90m LIBRE MÁIS O ANCHO DO BORDO	1,20m 0,90 m LIBRE MÁIS O ANCHO DO BORDO	-
PASO DE VEHICULOS SOBRE BEIRARRÚAS Base 1.1.4	PERPENDICULAR A CALZADA	MÍNIMO 0,60m	MÍNIMO 0,60m	-
	PASO LIBRE DE OBSTÁCULOS	MÍNIMO 0,90m	MÍNIMO 0,90m	-
PASOS DE PEÓNS Base 1.1.5	ÁREAS DESENVOLVIDAS POR PLAN	ANCHO LIBRE 1,80m	ANCHO LIBRE 1,50m	-
	RESTO DE ÁREAS	ANCHO LIBRE 1,50m	ANCHO LIBRE 1,20m	-
- Pendente transversal máxima en itinerarios peonís e mixtos do 2%. Resalte máximo entre pasos e calzada de 2 cm.				
ESCALEIRAS Base 1.2.3	ANCHO MÍNIMO	1,20m	1,00m	-
	DESCANSO MÍN	1,20m	1,00m	-
	TRAMO SEN DESCANSO	O QUE SALVE UN DESNIVEL MÁXIMO DE 2,00 m	O QUE SALVE UN DESNIVEL MÁXIMO DE 2,50m	-
	DESNIVELES DE 1 CHANZO	SALVADOS POR RAMPLA	CHANZO MÁXIMO DE 15cm	-
	TABICA MÁX	0,17m	0,18m	-
	DIMENSIÓN DA PEGADA	2T + H = 62-64 cm	2T + H = 62-64 cm	-
	ESPAZOS BAIXO ESCALEIRAS	PECHADO Ou PROTEXIDO SI ALTURA MENOR 2,20 m		-
	PASAMANS	0,90-0,95 m RECOMENDÁNDOSE OUTRO A 0,65-0,70 m		-
	ANCHO DA ESCALEIRA MAIOR A 3,00 m	VARANDA CENTRAL		-
	ILUMINACIÓN NOCTURNA ARTIFICIAL	MÍNIMO DE 10 LUX		-
ESCAL. MECÁNICAS B1.2.5	ANCHO MÍNIMO	1,00m	1,00m	-
RAMPLAS Base 1.2.4	ANCHO MINIMO	1,50m	1,20m	
	PENDENTE MÁX LONXITUDINAL (POR PROBLEMAS FÍSICOS PODERÁN INCREMENTARSE NUN 2%)	MENOR DE 3m = 10% ENTRE 3 E 10m = 8% MAIOR Ou IGUAL 10m = 6%	MENOR DE 3m = 12% ENTRE 3 E 10m = 10% MAIOR Ou IGUAL 10m = 8%	-
	PENDENTE MÁX TRANSVERSAL	2%	3%	-
	LONXITUDE MÁXIMA DE TRAMO	20m.	25m.	-
	DESCANSO MÍN. CON ANCHO O DA RAMPLA	LONXITUDE 1,50m	1,20m	-
	XIROS A 90º	INSCRIBIR CÍRCULO DE 1,50m DE DIAMETRO	INSCRIBIR CÍRCULO DE 1,20m DE DIAMETRO	-
	ESPAZO LIBRE A FINAL E INICIO DE RAMPLA	1,80 x 1,80m	1,50 x 1,50m	-
	PROTECCIÓN LATERAL	DE 5 A 10 cm DE ALTURA EN LADOS LIBRES SOBRE O NIVEL DO CHAN		-

Plan especial de infraestruturas para o novo acceso ao CEIP Párroco Don Camilo, en San Andrés de Comesaña (Expte. 18337/411). Aprobación definitiva sesión ordinaria Pleno 31/03/2025 (punto 4 do acta). Asinado Secretario Xeral do Pleno Asinado por: JOSÉ VILLÁN FUERTES Data sinatura: 04/04/2025

	ESPAZO BAIXO RAMPLAS	PECHADO OU PROTEXIDO SI ALTURA MENOR 2,20 m		-
	PASAMANS	0,90-0,95 m RECOMENDÁNDOSE OUTRO A 0,65-0,70 m		-
	ILUMINACIÓN NOCTURNA ARTIFICIAL	MÍNIMO DE 10 LUX		-
BANDAS MECÁNICAS Base 1.2.7	ANCHO MÍNIMO	1,00m	1,00m	-
	PENDENTE MÁX LONGITUDINAL	PENDENTE IGUAL QUE A DE ITINERARIO PEONIL CON MESETA DE 1,50 m DE ENTRADA E SAÍDA		-
ASCENSORES Base 1.2.6 (mod.D 74/2013)	DIMENSIONS INTERIORES DE CABINA DUNHA SOA ENTRADA OU DUAS OPOSTAS	TIPO 1: (Carga max. 450 Kgs) 1.000 mm ANCHO x 1.250 mm PROF. TIPO 2: (Carga max. 630 Kgs) 1.000 mm ANCHO x 1.400 mm PROF. TIPO 3: (Carga max. 1.275 Kgs) 1.100 mm ANCHO x 1.400 mm PROF.		-
	PORTAS	AUTOMATICAS E OPERAR CON ESCORREGAMENTO HORIZONTAL		-
	VARANDA	CON VARANDA INTERIOR DE ALTURA = 0,90 m E 35 mm SEPARACION CON PAREDE		-
	MESETA DE SAÍDA	INSCRIBIR CÍRCULO 1,50 m DE DIÁMETRO LIBRE DE OBSTACULOS		-
	BOTONEIRAS	ALTURA ENTRE 0,90 e 1,20 m SOBRE CHAN		-
ASEOS EN PARQUES, XARDÍNS E ESPAZOS PÚBLICOS Base 1.5	DIMENSIÓNS ACHEGAMENTO	INSCRIBIR CÍRCULO d=1,50m 0,80m MÍNIMO	INSCRIBIR CÍRCULO d=1,20m 0,80m MÍNIMO	-
	PORTAS	ANCHO LIBRE 0,80m	ANCHO LIBRE 0,80m	-
	LAVABOS, BILLAS DE PRESIÓN Ou PALANCA	SEN PÉ, ALTURA 0,85m	SEN PÉ, ALTURA 0,90m	-
	INODOROS CON BARRAS LATERAIS ABATIBLES POLO LADO DE APROXIMACIÓN	ALTURA 0,50m, Barras lateral. a 0,20m, e a 0,70m do chan	ALTURA 0,50m, Barras lateral. a 0,25m, e a 0,80m do chan	-
APARCADOIROS Base 1.3	DIMENSION MÍNIMA EN RINGLEIRA	2,00-2,20 x 5,00m	2,00-2,20 x 5,00m	CUMPRE
	ESPAZO LIBRE LATERAL	1,50m	1,50m	CUMPRE
	DIMENSION MÍNIMA TOTAL	3,50 x 5,00m	3,00 x 4,50m	CUMPRE
ELEMENTOS DE URBANIZACIÓN Base 1.2	PAVIMENTOS, DUROS E ANTIESCORREGADIZOS	RESALTE MÁX. 2cm.	RESALTE MÁX. 3cm.	S/PROXECTO CONSTRUCTIVO OU DE URBANIZACIÓN
	BORDOS, CANTO REDONDEADO	ALTURA MÁX 0,14m	ALTURA MÁX 0,16m	S/PROXECTO CONSTRUCTIVO OU DE URBANIZACIÓN
SINAIS E ELEMENTOS VERTICAIS Base 1.4.1	REIXAS	EN CUADRÍCULA, OCOS MENORES DE 2 cm		-
	ALTURA MÍNIMA LIBRE	IGUAL OU MAIOR DE 2,20m	IGUAL Ou MAIOR DE 2,10m	S/PROXECTO CONSTRUCTIVO OU DE URBANIZACIÓN
	ALTURA PULSADORES E MECANISMOS	ENTRE 1,20 E 0,90m	ENTRE 1,30E 0,80m	S/PROXECTO CONSTRUCTIVO OU DE URBANIZACIÓN
	SITUACIÓN: PASO LIBRE EN BEIRARRÚAS	0,90m, 1,50m EN ÁREAS DESARROLL. POR PLAN		-
OUTROS ELEMENTOS art.-11 Base 1.4.2	ALTURA PULSADORES E MECANISMOS	ENTRE 1,20-0,90m	ENTRE 1,30-0,80m	S/PROXECTO CONSTRUCTIVO OU DE URBANIZACIÓN
	SITUACIÓN: PASO LIBRE EN BEIRARRÚAS	0,90m, 1,50m EN ÁREAS DESARROLL. POR PLAN	0,90m, 1,20m EN ÁREAS DESARROLL POR PLAN	-
	ZONAS DE ATENCIÓN AO PÚBLICO	MESETA A MÁX. 0,85m DE ALTURA, ANCHO MÍN. 0,80m	MESETA A MÁX. 0,90m DE ALTURA, ANCHO MÍN. 0,80m	-

Pola súa banda, contrastada a nova Orde TMA/851/2021, de 23 de xullo, pola que se desenvolve o documento técnico de condicións básicas de accesibilidade e non discriminación para o acceso e a utilización dos espazos públicos urbanizados, no seu artigo 2 se establece o ámbito de aplicacion da citada norma:

> *"1. El ámbito de aplicación de este documento técnico está constituido por los espacios públicos urbanizados situados en el territorio del Estado español tal y como se definen en el artículo siguiente. Todas las definiciones recogidas en este documento técnico se entienden referidas únicamente a los efectos de su aplicación.*
>
> *2. Los espacios públicos urbanizados y los elementos que lo componen con*

Plan especial de infraestruturas para o novo acceso ao CEIP Párroco Don Camilo, en San Andrés de Comesaña (Expte. 18337/411). Aprobación definitiva sesión ordinaria Pleno 31/03/2025 (punto 4 do acta). Asinado Secretario Xeral do Pleno Asinado por: JOSÉ VILLÁN FUERTES Data sinatura: 04/04/2025

carácter permanente, así como los temporales regulados en los artículos 33 y 39, se proyectarán, construirán y renovarán de forma que se cumplan, como mínimo, las condiciones básicas que se establecen en este documento técnico, fomentando la aplicación avanzada de las tecnologías de la información y las telecomunicaciones al servicio de todas las personas.

3. No obstante se podrá exceptuar el cumplimiento de determinados requisitos establecidos en este documento técnico de manera excepcional y adecuadamente justificada, proponiéndose en todo caso otras soluciones de adecuación efectiva que garanticen la máxima accesibilidad y seguridad posibles y siempre de conformidad con lo dispuesto para tales casos en la normativa autonómica o local, cuando exista."

Neste sentido, a citada norma considera espazos públicos urbanizados, os seguintes:

"Artículo 3. Espacios públicos urbanizados.
1. Los espacios públicos urbanizados comprenden el conjunto de espacios peatonales y vehiculares, de paso o estancia, no adscritos a una edificación, y que forman parte del dominio público o están destinados al uso público, en el suelo en situación básica de urbanizado de conformidad con lo dispuesto por la legislación estatal de suelo.
2. También se consideran espacios públicos urbanizados los tramos urbanos de las playas tal y como se definen en la legislación estatal en materia de costas."

De seguido contrastamos o que se circunscribe a solo en situación básica de urbanizado, segundo o establecido no artigo 21 do Real Decreto Legislativo 7/2015, de 30 de octubre, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana:

"3. Se encuentra en la situación de suelo urbanizado el que, estando legalmente integrado en una malla urbana conformada por una red de viales, dotaciones y parcelas propia del núcleo o asentamiento de población del que forme parte, cumpla alguna de las siguientes condiciones:
a) Haber sido urbanizado en ejecución del correspondiente instrumento de ordenación.
b) Tener instaladas y operativas, conforme a lo establecido en la legislación urbanística aplicable, las infraestructuras y los servicios necesarios, mediante su conexión en red, para satisfacer la demanda de los usos y edificaciones existentes o previstos por la ordenación urbanística o poder llegar a contar con ellos sin otras obras que las de conexión con las instalaciones preexistentes. El hecho de que el suelo sea colindante con carreteras de circunvalación o con vías de comunicación interurbanas no comportará, por sí mismo, su consideración como suelo urbanizado.
c) Estar ocupado por la edificación, en el porcentaje de los espacios aptos para ella que determine la legislación de ordenación territorial o urbanística, según la ordenación propuesta por el instrumento de planificación correspondiente.
4. También se encuentra en la situación de suelo urbanizado, el incluido en los núcleos rurales tradicionales legalmente asentados en el medio rural, siempre que la legislación de ordenación territorial y urbanística les atribuya la condición de suelo urbano o asimilada y cuando, de conformidad con ella, cuenten con las dotaciones, infraestructuras y servicios requeridos al efecto."

Polo tanto, ao non atoparnos na situación dun solo en situación básica de urbanizado ao momento da elaboración do presente PEI, non resultará de aplicación ao presente

Plan especial de infraestruturas para o novo acceso ao CEIP Párroco Don Camilo, en San Andrés de Comesaña (Expte. 18337/411). Aprobación definitiva sesión ordinaria Pleno 31/03/2025 (punto 4 do acta). Asinado Secretario Xeral do Pleno Asinado por: JOSÉ VILLÁN FUERTES Data sinatura: 04/04/2025

documento a Orde TMA/851/2021, de 23 de xullo, pola que se desenvolve o documento técnico de condicións básicas de accesibilidade e non discriminación para o acceso e a utilización dos espazos públicos urbanizados.

Sen prexuízo do anterior, de acordo ao tratado dende a XMU coa Comisión de Accesibilidade de Galicia, a proposta que se achega para a súa aprobación inicial cumpre coa definición dun itinerario peonil accesible, segundo os parámetros fixados ao efecto na devandita Orde TMA/851/2021.

Sen prexuízo do anterior, o proxecto constructivo ou de urbanización que se redacte aos efectos de definir polo miúdo a execución desta nova infraestrutura de comunicacións, axustarase ao referido na devandita Orde e demáis normativa sectorial específica, no tocante aos parámetros e condicionantes que a disto efecto executivo se recolla en dita normativa de accesibilidade que estea en vigor no momento da súa redacción.

2.16 Xustificacion do cumprimento da lei 34/1998, de 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, así como a súa normtaiva de desenrolo.

Teniendo en cuenta la existencia de infraestructuras petrolíferas en el ámbitoterritorial proyectado, se incluye dentro del marco legal aplicable a la actuación prevista, la Ley 34/1998, de 7 de octubre, del sector de hidrocarburos, así como su normativa de desarrollo, entre la que cabe destacar que:

1. El artículo 2 de la Ley del sector de hidrocarburos, establece que las actividades destinadas al suministro de productos petrolíferos y de gas por canalización a los consumidores demandantes dentro del territorio nacional tendrán la consideración de actividades de interés económico general.

2. Si se produjeran afecciones en instalaciones gasistas o petrolíferas competencia de la Administración General del Estado, éstas deberán estar sujetas a la normativa sectorial sobre coordinación con planes urbanísticos y de infraestructuras viarias, en especial a lo dispuesto en los artículos 5 de la Ley 34/1998,de 7 de octubre, del sector de hidrocarburos, y 68 del Real Decreto 1434/2002, de 27 de diciembre, por el que se regulan las actividades de transporte, distribución, comercialización, suministro y procedimientos de autorización de instalaciones de gas natural:

- La planificación de las instalaciones de transporte y distribución de gas natural e instalaciones auxiliares cuando éstas se ubiquen o discurran en suelo no urbanizable, deberá tenerse en cuenta en el correspondiente instrumento de ordenación del territorio. Asimismo, y en la medida en que dichas instalaciones se ubiquen en cualquiera de las categorías de suelo calificado como urbano o urbanizable, dicha planificación deberá ser contemplada en el correspondiente instrumento de ordenación urbanística, precisando las posibles instalaciones, calificando adecuadamente los terrenos y estableciendo, en ambos casos, las reservas de suelo necesarias para la ubicación de las nuevas instalaciones y la protección de las existentes.

- En los casos en los que no se haya tenido en cuenta la planificación gasista en los instrumentos de ordenación descritos en el apartado anterior, o cuando las razones justificadas de urgencia o excepcional interés para el suministro de combustibles gaseosos aconsejen el establecimiento de instalaciones de transporte o distribución, y siempre que en virtud de lo establecido en otras leyes resultase preceptivo un instrumento de ordenación del territorio o urbanístico según la clase de suelo

Plan especial de infraestruturas para o novo acceso ao CEIP Párroco Don Camilo, en San Andrés de Comesaña (Expte. 18337/411). Aprobación definitiva sesión ordinaria Pleno 31/03/2025 (punto 4 do acta). Asinado Secretario Xeral do Pleno Asinado por: JOSÉ VILLÁN FUERTES Data sinatura: 04/04/2025

afectado, se estará a lo dispuesto en la Disposición adicional décima del texto refundido de la Ley del Suelo, aprobado por el Real Decreto legislativo 7/2015, de 30 de octubre, o texto autonómico que corresponda. A dichos efectos se considerará la instalación como de interés general.

Es necesario destacar que la Ley 13/2003, de 23 de mayo, reguladora del contrato de concesión de obras públicas, establece en su disposición adicional duodécima que será de aplicación a las instalaciones de la red básica de transporte de gas natural reguladas en el artículo 59 de la Ley 34/1998, de 7 de octubre, del sector de hidrocarburos, cuyas autorizaciones sean competencia de la Administración General del Estado, lo dispuesto en las disposiciones adicionales segunda y tercera de esta Ley.

3 Asignación de Usos Pormenorizados. Ordenanzas de aplicación.

Na normativa do presente Plan Especial de Infraestruturas se contempla o uso de rede viaria de comunicación e o de equipamento, de conformidade co recollido no PXOU 93 vixente, sen prexuízo de que no futuro se produza a entrada en vigor da Revisión deste, que se atopa actualmente en tramitación, cando corresponda temporalmente. A continuación se pormenoriza o destino e as condicións xerais de todas as zonas cualificadas:

Ordenanza nº 1. Rede viaria e aparcadoiros.

Será de aplicación o sinalado no artigo correspondente da normativa do planeamento vixente en canto a Rede viaria e aparcamentos.
Con caracter xeral, respectarase o seguinte:
Calzadas: Uso libre de tránsito rodado. Ancho mínimo de 3,00 metros.
Beirarrúas: Uso exclusivo de tránsito peonil. Ancho mínimo de 2,00 metros.
Os aparcadoiros anexos á rede viaria públicos, se concretan nos planos de ordenación.
A implantación grafada, no tocante á configuración final da distribución e dimensións da sección viaira ten carácter indicativo e orientativo, puidendo reaxustarse igualmente no proxecto constructivo ou de urbanización final os acabados, condicións da pavimentación en canto a materiais, sinalizacións, etc. a empregar na súa definición, segundo o sinalado na normativa municipal do PXOU 93 e as recomendacións establecidas na Guía de boas prácticas en intervencións en espazos públicos, editada pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, de acordo ás consideracións realizadas dende o Instituto de Estudos do Territorio na fase de consultas ambientais da AAE simplificada realizada.

Ordenanza nº 2. Sistema local dotacional. Equipamento. Ordenanza 3.3 de zonas culturais e sociais (ordenanza 3.3 do PXOU 93 de Vigo).

Esta ordenanza se aplicará na zona recollida nos planos de ordenación con dita calificación, que se propón incorporar á parcela actual do CEIP, co ánimo de regularizala na zona do novo acceso proxectado.
Nesta zona será de aplicación o sinalado nos apartados correspondentes da ordenanza 3.3, de zonas culturais e sociais, do PXOU 93 de Vigo, ou aquela que a substitúa unha vez entre en vigor a Revisión do PXOM que se atopa en tramitación.

Plan especial de infraestruturas para o novo acceso ao CEIP Párroco Don Camilo, en San Andrés de Comesaña (Expte. 18337/411). Aprobación definitiva sesión ordinaria Pleno 31/03/2025 (punto 4 do acta). Asinado Secretario Xeral do Pleno Asinado por: JOSÉ VILLÁN FUERTES Data sinatura: 04/04/2025

3.1 Memoria do cumprimento do RD. 1513/2005 que desenvolve a lei 37/2003, do Ruído, no referente a avaliación e xestión do ruido ambiental, e consonte o art.5 do RD.1367/2007 que desenvolve a lei do Ruído no referente a zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas, no seu caso.

Para determinar os indicadores e os niveis límites de referencia que permitan avaliar a afección ao ruido, se recurre á lexislación vixente en materia de obxectivos de calidade acústica que ven fixada no Real Decreto 1367/2007, de 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, de 17 de novembro, do Ruido, no referente a zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas, concretamente o recollido no Capítulo III "Zonificación acústica. Obxectivos de calidade acústica" e no Capítulo IV "Emisores acústicos. Valores límite de emisión e inmisión".

O artigo 14 do citado Real Decreto sinala textualmente:

> "*1. En las áreas urbanizadas existentes se establece como objetivo de calidad acústica para ruido el que resulte de la aplicación de los siguientes criterios:*
>
> *a) Si en el área acústica se supera el correspondiente valor de alguno de los índices de inmisión de ruido establecidos en la tabla A, del anexo II, su objetivo de calidad acústica será alcanzar dicho valor.*

ANEXO II

Objetivos de calidad acústica

Tabla A. Objetivos de calidad acústica para ruido aplicables a áreas urbanizadas existentes.

Tipo de área acústica		Índices de ruido		
		L_d	L_e	L_n
e	Sectores del territorio con predominio de suelo de uso sanitario, docente y cultural que requiera una especial protección contra la contaminación acústica	60	60	50
a	Sectores del territorio con predominio de suelo de uso residencial.	65	65	55
d	Sectores del territorio con predominio de suelo de uso terciario distinto del contemplado en c).	70	70	65
c	Sectores del territorio con predominio de suelo de uso recreativo y de espectáculos.	73	73	63
b	Sectores del territorio con predominio de suelo de uso industrial	75	75	65
f	Sectores del territorio afectados a sistemas generales de infraestructuras de transporte, u otros equipamientos públicos que los reclamen. (1)	Sin determinar	Sin determinar	Sin determinar

(1) En estos sectores del territorio se adoptarán las medidas adecuadas de prevención de la contaminación acústica, en particular mediante la aplicación de las tecnologías de menor incidencia acústica de entre las mejores técnicas disponibles, de acuerdo con el apartado a), del artículo 18.2 de la Ley 37/2003, de 17 de noviembre.

Nota: Los objetivos de calidad aplicables a las áreas acústicas están referenciados a una altura de 4 m.

Figura nº 53. Objetivos de calidad acústica.

En relación ao tipo de área f se aplicará o Real Decreto 1038/2012, de 6 de xullo, polo que se modifica o Real Decreto 1367/2007, de 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, de 17 de novembro, do Ruido, no referente á zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas.

Como se pode observar na táboa anterior, os obxectivos se establecen para os índices de ruido, Ld, Lt e Ln, cuia definición segundo o Real Decreto 1513/2005, de 16 de decembro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, de 17 de novembro, do Ruido, no

Plan especial de infraestruturas para o novo acceso ao CEIP Párroco Don Camilo, en San Andrés de Comesaña (Expte. 18337/411). Aprobación definitiva sesión ordinaria Pleno 31/03/2025 (punto 4 do acta). Asinado Secretario Xeral do Pleno Asinado por: JOSÉ VILLÁN FUERTES Data sinatura: 04/04/2025

referente á avaliación e xestión do ruido ambiental, é:

> "Ld es el nivel sonoro medio a largo plazo ponderado A definido en la norma ISO 1996- 2: 1987, determinado a lo largo de todos los períodos día de un año.
>
> Le es el nivel sonoro medio a largo plazo ponderado A definido en la norma ISO 1996- 2: 1987, determinado a lo largo de todos los períodos tarde de un año.
>
> Ln es el nivel sonoro medio a largo plazo ponderado A definido en la norma ISO 1996- 2: 1987, determinado a lo largo de todos los períodos noche de un año.
>
> En vista de lo expuesto, la evaluación de la exposición al ruido de la población *pasará por determinar cada uno de los indicadores Ld, Le y Ln, y compararlos con los niveles límite establecidos en los objetivos de calidad acústica para cada tipo de área*."

De cara á actuación de implementación do novo vial de acceso ao CEIP Párroco don Camilo, controlarase que o límite máximo de ruído xerado non supere os máximos límites establecidos nas zonas de sensibilidade acústica.

Incorpórase Anexo 5 específico que contén estudo acústico específico elaborado pola empresa especializada SONEN, asinado por técnicos competentes, que contén a zonificación acústica en áreas acústicas, tendo en conta os usos residenciais próximos ao novo acceso, así como os mapas de ruido elaborados segundo a metodoloxía prevista no Anexo II do R.D. 1513/2005, do 16 de decembro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, do 17 de novembro, do Ruído, no referente á avaliación e xestión do ruído ambiental, e no R.D. 1367/2007, do 19 de outubro, e xustificando que o novo vial de acceso ao CEIP previsto respectar os valores límite de recepción establecidos nos artigos 23 e 24, do Real Decreto 1367/2007, do 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, do 17 de novembro, do Ruído, no referente a zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas.

Ademáis, o estudo acústico realizado, en cumprimento do Decreto 106/2015, do 9 de xullo, os estudos de avaliación da contaminación acústica, incluídos os mapas de ruído, incorpora xustificación da adecuación dos métodos de medición e cálculo empregados con respecto á normativa básica estatal vixente en materia de ruído, incluíndo documentación acreditativa dos aspectos recollidos no seu artigo 12.

O pasado 15.05.2023 aprobáronse as Zonas de servidume acústica dos grandes eixos viarios da Rede Autonómica de Estradas de Galicia. No estudo acústico realizado recóllense as ditas zonas de servidume acústica. Ademáis, os planos de información do PEID tamén recollen os planos correspondentes as ditas zonas de servidume acústica.

4 Memoria do cumprimento da Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.

Na redacción do Plan Especial de Infraestruturas e Dotacións para o novo acceso ao CEIP Párroco Don Camilo, observouse o establecido na Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.

Así, pérseguese o obxectivo de asegurar a igualdade de oportunidades a todos os colectivos que integran a sociedade viguesa.

Apórtanse algunhas consideracións tidas en conta para ordenar o espazo urbano

Plan especial de infraestruturas para o novo acceso ao CEIP Párroco Don Camilo, en San Andrés de Comesaña (Expte. 18337/411). Aprobación definitiva sesión ordinaria Pleno 31/03/2025 (punto 4 do acta). Asinado Secretario Xeral do Pleno Asinado por: JOSÉ VILLÁN FUERTES Data sinatura: 04/04/2025

asumindo dende a orixe a necesidade de dar espazo, equilibrio e relación as diferentes dimensións da vida; de conseguir un equilibrio entre a vida privada e o espazo público; asumindo o cambio social.

O novo rol social das mulleres e súa incorporación masiva ao mercado laboral transformou o papel que tradicionalmente existía nas familias no coidado de persoas dependentes, esixindo novos servizos vinculados aos coidados. Conforme a elo se aportan as seguintes estratexias a ter en consideración no Planeamento que se desenvolve:

4.1 Seguridade.

En relación á visibilidade no que atinxe ao problema da percepción da inseguridade no espazo público e concienciar a cidadanía do efectos do mesmo.

Por elo se asegura a percepción da seguridade nos espazos urbanos mediante unha adecuada iluminación e a máxima visibilidade en todo momento.

Deseñáronse os espazos urbanos para obter a apropiación e identificación do espazo urbano por parte da cidadanía, mediante unha clara sinalización que permita orientarse sen dificultade, de forma que as rúas prazas e parques no sexan espazos de ninguén, senón de todas e todos.

Ademais evitáronse no deseño as zonas inseguras, subterráneas e zonas despoboadas. Estableceuse a distribución estratéxica de luminarias con intensidade e mantemento suficiente e sostible.

Non se contempla a instalación de elementos opacos de altura maior a 1,60 metros que reduzan a visibilidade en espazos públicos por seu efecto barreira(paradas de autobuses, arbustos en parques o valas publicitarias).

A sinalización realizarase con elementos de orientación visibles e precisos en zonas de estacionamento, para a apropiación dos espazos amplos e uniformes por parte da mulleres, que faciliten a autonomía persoal e os desprazamentos seguros.

4.2 Representatividade e sinalización urbana.

No Plan Especial de Infraestruturas promóvese a linguaxe visual non discriminatoria na iconografía que serve de base na sinalización urbana, erradicando o uso de imaxes estereotipadas ou sexistas en calquera elemento urbano ou de sinalización desta parte da cidade. Se evitará que a linguaxe visual o escrita sexa discriminatorio.

Todas as variables que anteriormente se describiron que acreditan a resolución do impacto de xénero neste Plan Especial, non requiren modificacións do instrumento de orixe.

5 Xustificación dos informes e suxerencias achegados no periodo de consultas ambientais.

CONSULTAS AMBIENTAIS_INFORMES:

5.1 - Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo.

Informa que o PEI constitúe un instrumento adecuado para o obxectivo marcado, e fai algunhas observacións ao respecto do contido cartográfico da documentación e sobre a adaptación da mesma ás Normas Técnicas de Planeamento, que a

Plan especial de infraestruturas para o novo acceso ao CEIP Párroco Don Camilo, en San Andrés de Comesaña (Expte. 18337/411). Aprobación definitiva sesión ordinaria Pleno 31/03/2025 (punto 4 do acta). Asinado Secretario Xeral do Pleno Asinado por: JOSÉ VILLÁN FUERTES Data sinatura: 04/04/2025

continuación se detalla e se recollen os cambios efectuados no documento.

"- Deben achegarse no conxunto dos planos de información a escala adecuada, a maiores do sinalado na memoria, a clasificación actual dos terreos obxecto do PEID."

Achéganse os planos de información correspondentes, a escala axeitada, segundo a estrutura definida ao efecto nas Normas Técnicas de Planeamento de Galicia (NNTTPP).

"- Os planos de ordenación constan so da base cartográfica, sen que no PDF haxa grafía máis alá dunha liña descontinua azul. Elaboraranse os planos de ordenación adecuados para poder representar a proposta, toda vez que os planos incluídos na memoria son descritivos."

Achéganse os planos de ordenación correspondentes, unha versión da proposta de ordenación sobre os planos de clasificación do solo vixente (Serie 2 do IOP que inclúe o PXOU 93) e outra versión sobre os planos de ordenación da aprobación provisional da Revisión do PXOM en redacción, todo elo segundo a estrutura definida nas NNTTPP.

"-Deben achegarse planos de ordenación que substitúan aos actuais planos vixentes do PXOM (artigo 158 RLSG)."

Achéganse os planos de ordenación que substitúen os planos de ordenación do planeamento vixente, segundo a estrutura definida nas NNTTPP.

"- As lendas dos planos semellan incompletas."

Complétanse as lendas dos planos segundo a información amosada en cada plano.

"- A documentación do PEID non debe facerse por referencia a un documento independente do mesmo como é o Documento Ambiental Estratéxico, polo que deben incluírse naquel a totalidade dos planos precisos de acordo á entidade do PEID."

Inclúense todos os documentos que conforman o PEID na estrutura documental fixada polas NNTTP para este tipo de plans especiais.

"- Achegarase un índice xeral numerado ao comezo da memoria (art. 4.2 das NNTTPP)."

Inclúese un índice xeral numerado ao comezo da memoria do documento.

"- Asemade, debe incorporarse un índice en cada un dos documentos que compoñen o plan e con acceso ás distintas partes a través de marcadores (art. 4.3.)"

Inclúese un índice en cada documento.

"- O formato das memorias, en A4, non se axusta ao articulado das NNTTPP nin aos seus anexos."

Actualízanse os formatos dos documentos A4, segundo o recollido nas NNTTPP.

"- Non se achegan as carpetas correspondentes ao documento dixital editable, nin á carpeta de fonte de datos, nin se achegan as pegadas dixitais (art.9)."

Actualízase a estrutura documental de carpetas de acordo ás NNTTPP.

"- Non constan na documentación os espazos previstos para as dilixencias previstas."

Actualízase o formatos dos documentos para acoller as dilixencias previstas na súa tramitación, segundo o sinalado nas NNTTPP.

"-Tramitación do expediente. Seguirase o procedemento establecido para a aprobación dos plans especiais de acordo co artigo 75 da LSG, da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia."

Plan especial de infraestruturas para o novo acceso ao CEIP Párroco Don Camilo, en San Andrés de Comesaña (Expte. 18337/411). Aprobación definitiva sesión ordinaria Pleno 31/03/2025 (punto 4 do acta). Asinado Secretario Xeral do Pleno Asinado por: JOSÉ VILLÁN FUERTES Data sinatura: 04/04/2025

Este será o procedemento a seguir na tramitación do PEI.

5.2 - Instituto de Estudos do Territorio

"O plan especial de infraestruturas non presentará unha forte incidencia paisaxística, toda vez que as obras que se pretenden executar son coherentes coas características paisaxísticas da contorna, podendo supoñer unha mellora na paisaxe urbana da zona ao dotala dunha infraestrutura que reduciría a intensidade circulatoria nas vías de menor sección empregadas ata o de agora para o acceso ao centro educativo.
O Plan especial de infraestruturas para o novo acceso ao CEIP "Párroco Don Camilo", en San Andrés de Comesaña, non provocará un impacto paisaxístico significativo.
De acordo co artigo 35 do Regulamento da Lei 7/2008, o plan especial deberá realizar un estudo da paisaxe, proporcionado e específico ao lugar e ás funcións do plan (directriz de paisaxe DX.03), e co contido que regula o artigo citado. "

O presente documento para aprobación inicial do PEI incorpora un Estudo da Paisaxe, que se recolle na presente Memoria Xustificativa.

"Recoméndase, en todo caso, para a definición das condicións de pavimentación exterior, sinalización, etc., consultar a Guía de boas prácticas en intervencións en espazos públicos (dispoñible na páxina web desta consellería)."

Incorpórase dita recomendación na presente Memoria Xustificativa do PEI, aos efectos da súa implementación na elaboración do Proxecto constructivo ou de urbanización do novo vial de acceso.

5.3 - Axencia galega de Infraestruturas

O 08.02.2022 tramitouse na Axencia Galega de Infraestruturas unha consulta sobre a viabilidade da actuación pretendida no Plan Especial de Infraestruturas para o novo acceso ao CEIP Párroco Don Camilo, no concello de Vigo, en virtude do disposto no artigo 83 da Orde do 23 de maio de 2019, pola que se regulan os accesos ás estradas de Galicia e as súas vías de servizo.
Concretamente, a consulta previa realízase sobre a viabilidade do novo acceso planificado neste plan especial dende a estrada PO-552 á altura do seu PQ 0+450, no seu marxe esquerdo.

En resposta a esta consulta, a AXI emitiu un "INFORME SOBRE CONSULTA DE VIABILIDADE DO PLAN ESPECIAL DE INFRAESTRUTURAS PARA O NOVO ACCESO AO CEIP PÁRROCO DON CAMILO", sinalando no mesmo certos aspectos a cumprir, os cales foron incorporados no presente documento do Plan Especial: defínense e incorpóranse cuñas de cambio de velocidade; non permitindo cruzamentos ou xiros á esquerda a nivel para entrar ou saír do acceso; disponse unha contrapendente mínima do 1% na zona de conexión co estrada autonómica; restrínxense os aparcamentos en liña, actualmente existentes na estrada autonómica, na zona correspondente ás novas cuñas definidas, e suprímense os aparcamentos en liña nos primeiros 30 metros do viario de acceso, dende o dominio público da estrada PO-552.
Ademáis, evítase a existencia de novos accesos nas cuñas de cambio de velocidade, mantendo o existente na actualidade.

Nomeadamene, dito informe CONCLÚE:

A vista do que antecede, considerase xustificada a creación do acceso novo á estrada PO-552 no seu PQ 0+450, marxe esquerda, proposto para acceso na documentación do Plan Especial de Infraestruturas para o novo acceso ao CEIP Párroco Don Camilo remitida polo concello de Vigo e recibida o 08.02.2022, sen

Plan especial de infraestruturas para o novo acceso ao CEIP Párroco Don Camilo, en San Andrés de Comesaña (Expte. 18337/411). Aprobación definitiva sesión ordinaria Pleno 31/03/2025 (punto 4 do acta). Asinado Secretario Xeral do Pleno Asinado por: JOSÉ VILLÁN FUERTES Data sinatura: 04/04/2025

embargo o acceso debe adaptarse á normativa de aplicación, conforme ao indicado no apartado informe.

En aplicación do artigo 23.2 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, o Plan Especial de Infraestruturas para o novo acceso ao CEIP Párroco Don Camilo deberá ser remitido, con posterioridade á súa aprobación inicial, á Axencia Galega de Infraestruturas para o seu informe.

De acordo ao anterior, logo da aprobación inicial do PEI, o documento será remitido novamnte á AXI para a emisión dun novo informe ao documento de aprobación inicial.

5.4 Informe ambiental estratéxico do Plan Especial de Infraestruturas para o novo acceso ao Ceip "Párroco Don Camilo", en San Andrés de Comesaña, no concello de Vigo.

Tal e como xa se sinalou anteriormente, o Informe Ambiental Estratéxico (IAE) determinou a viabilidade deste PEI para seguir o procedemento simplificado da súa avaliación ambiental estratéxica, recollendo nomeadamente, na súa resolución o seguinte literal:

"Non someter ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria o "Plan especial de infraestruturas para o novo acceso ao CEIP Párroco Don Camilo, en San Andrés de Comesaña", no concello de Vigo, posto que non se prevén efectos ambientais significativos."

Conseguintemente, corresponde agora continuar desenvolvendo a tramitación urbanística do documento, para o cal se eleva esta nova entrega para a súa aprobación inicial polo Pleno da Corporación Municipal.

CONSULTAS AMBIENTAIS_SUXESTIÓN DUN PARTICULAR:

A proposta de ordenación que se achega tivo en conta o sinalado no escrito de suxerencia achegado no período de consultas ambientais, procedendose ao mínimo reaxuste do trazado do vial para evitar afectar á edificación existente, ao muro de peche de parcela e ás instalacións existentes nese linde polo que dicurre o novo vial proxectado.

6 Xustificación dos informes técnicos municipais previos á aprobación inicial.

EXPEDIENTE: 18337/411.

ASUNTO: Plan especial de infraestruturas para o novo acceso ao Colexio Párroco don Camilo, en San Andrés de Comesaña

Por medio de notificación municipal, recibida por sede electrónica o 15 de xullo de 2022, achegáronse os informes municipais emitidos ao respecto da documentación presentada polo Rexistro electrónico da Xerencia municipal de Urbanismo do Concello de Vigo en data do 17 de xuño de 2022 (COD. SOL.: W714046-8153) do "Plan Especial de infraestruturas para o novo acceso ao CEIP Párroco don Camilo, en San Andrés de Comesaña", os cales se relacionan de seguido:

- Informe da arquitecta municipal, adscrita ao departamento municipal de Planeamento e Xestión, asinado dixitalmente en data do 23 de xuño de 2022.

Plan especial de infraestruturas para o novo acceso ao CEIP Párroco Don Camilo, en San Andrés de Comesaña (Expte. 18337/411). Aprobación definitiva sesión ordinaria Pleno 31/03/2025 (punto 4 do acta). Asinado Secretario Xeral do Pleno Asinado por: JOSÉ VILLÁN FUERTES Data sinatura: 04/04/2025

• Informe do Enxeñeiro Civil, adscrito ao departamento municipal de Urbanización e Infraestruturas, asinado dixitalmente en data do 27 de xuño de 2022.

• Informe da Técnica de Medio Ambiente, adscrita ao departamento municipal de Planeamento e Xestión, asinado dixitalmente en data do 4 de xullo de 2022.

De seguido se xustifica o indicado nos devanditos informes, así como a súa incorporación á presente versión do documento do Plan Especial de Infraestruturas.

6.1 Informe da arquitecta municipal, adscrita ao departamento municipal de Planeamento e Xestión, asinado dixitalmente en data do 23 de xuño de 2022.

"No que se refire á documentación técnica, a xuízo da técnica que subscribe, deberanse corrixir e ter en consideración os puntos seguintes:

– Na memoria informativa:

As superficies do ámbito desglosadas e globais, tanto gráfica (SIX e planos ordenación PORD_20) como escrita (memoria informativa, ficha resumo, Estudio económico) deben ser coincidentes."

Actualízanse as superficies xerais do PEI en todos os documentos que o integran.

"O apartado 4.3 propiedade do solo aporta unha relación de parcelas catastrais do ámbito. Debe incorporarse a relación de titulares catastrais, de conformidade co artigo 184.1.b) do RLSG. Esta relación debe estar en un anexo separado para la protección de datos de carácter persoal, pode conter a referencia a número de plano, identificación número de parcela, referencia catastral, ubicación e titular catastral."

Incorpórase a relación de titulares catastrais das parcelas afectadas, de conformidade co artigo 184.1.b) o RLSG, a cal se integra como Anexo á Memoria Xustificativa, para facilitar a protección de datos de carácter persoal.

O deseño do novo vial de acceso ao CEIP realizouse empregando como soporte a cartografía dixital en formato SIX, elaborada co gallo da redacción da Revisión do PXOM, facilitada pola Xerencia Municipal de Urbanismo o 8 de novembro de 2021. Sobre dita ordenación do vial proposto superponse a cartografía catastral e extráese a identificación das parcelas afectadas pola actuación, así como a superficie concreta de cada unha delas incluida no ámbito delimitado do PEI.

Toda vez que non existe un plano parcelario real das parcelas afectadas polo novo vial, a superposición da cartografía catastral sobre a proposta pode dar lugar a unha moi pequeña e mesmo insignificante afección sobre algunas parcelas, a cal, en todo caso, se recolle no presente documento, por ser parte da superficie total delimitada. O devandito plano parcelario empregarase para desenvolver o correspondente proxecto expropiatorio dos terreos. En caso de contar con dito plano taquimétrico parcelario real dos terreos previamente á aprobación definitva do PEI, este incorporarase, de ser o caso, ao mesmo.

"O apartado 2.5 de normativa sectorial debe incorporar as referencias ás servidumes aeronáuticas e as de estradas de Galicia polo acceso á PO-552."

Plan especial de infraestruturas para o novo acceso ao CEIP Párroco Don Camilo, en San Andrés de Comesaña (Expte. 18337/411). Aprobación definitiva sesión ordinaria Pleno 31/03/2025 (punto 4 do acta). Asinado Secretario Xeral do Pleno Asinado por: JOSÉ VILLÁN FUERTES Data sinatura: 04/04/2025

Incorpórase ao apartado 2.5 da Memoria Xustificativa a referencia ás servidumes aeronáuticas do Real Decreto e ás estradas de Galicia.

"– Na memoria xustificativa :

As superficies da rede viaria proposta gráfica e escrita (apdo. 2.12 e ficha resumo) deben ser coincidentes."

Actualízanse as superficies xerais do PEI en todos os documentos que o integran.

"– No Estudio Económico :

As superficies, os custes de expropiación e de urbanización, e a/s fase/s de que se prevé que serán executadas, deberan actualizarse ás novas parcelas afectadas e superficies de urbanización, comprobaranse tamén no apdo. 2.9 da memoria xustificativa."

Actualízanse as superficies xerais do PEI en todos os documentos que o integran, e igualmente os custes derivados da actuación, relativos ás mesmas.

"– Nos planos de información, ordenación e modificación do Plan :

Empregarase o último plano topográfico facilitado polo Servizo de Cartografía da Xerencia Municipal de Urbanismo, remitido ao equipo redactor a través do correo electrónico corporativo de data 08/06/2022."

Actualízase o plano topográfico facilitado polo Servizo de Cartografía da XMU.

"Compre incorporar una sección transversal do viario acoutada, na que se sinalen as dimensións/anchos mínimos. Neste senso, lémbrase que as beirarrúas serán de sección mínima 2 m, segundo se sinala nas normas técnicas incorporadas e na ficha resumo, polo que compre revisar a ficha do apdo. 2.14 da MX a cal sinala ancho 1,80 m e a documentación gráfica en xeral."

Incorpórase unha sección transversal do viario acoutada, na que se sinalan as dimensións/anchos mínimos. Nomeadamente, as beirarrúas son de sección mínima 2 m, segundo se sinala nas normas técnicas incorporadas e na ficha resumo.

"A información gráfica vectorial e raster dos planos incorpórase á carpeta fonte de datos. A subcarpeta 03_Outros debe corrixir o arquivo .dwg denominado ACCESO_GUARDERIA o cal contén o levantamento topográfico desactualizado. Nesta mesma carpeta se incorpora as subcarpetas IMAGEN_FISICA, que contén capas relativas á imaxe do viario que non teñen en conta as recomendacións do informe da Axencia Galega de Infraestruturas do 03/05/2022."

Actualízanse a información gráfica vectorial dos planos, incorporada na carpeta fonte de datos.

6.2 Informe de Urbanización e Infraestruturas

"Respecto de la conexión del vial con el vial existente de titularidad autonómica (PO-552).

En el proyecto de obras de ejecución del nuevo vial se deberá dar cumplimiento a lo dispuesto en el título III capítulo II, relativo a accesos de actuaciones urbanísticas,

Plan especial de infraestruturas para o novo acceso ao CEIP Párroco Don Camilo, en San Andrés de Comesaña (Expte. 18337/411). Aprobación definitiva sesión ordinaria Pleno 31/03/2025 (punto 4 do acta). Asinado Secretario Xeral do Pleno Asinado por: JOSÉ VILLÁN FUERTES Data sinatura: 04/04/2025

vías urbanas e caminos públicos a carreteras convencionales y vías de servicio, de la Orden del 23 de mayo de 2019 por que se regulan los accesos a las carreteras de Galicia y sus vías de servicio, justificando esta adaptación."

A proposta do PEI acomódase ao establecido na Orde de 23 de maio de 2019, pola que se regulan os accesos ás estradas de Galicia e as súas vías de servizo.

A tal efecto, foi elaborada igualmente por este equipo redactor documentación de Consulta Previa á Axencia Galega de Infraestruturas da Xunta de Galicia, en virtude do sinalado no artigo 83 da Orde de 23 de maio de 2019, pola que se regulan os accesos ás estradas de Galicia e as súas vías de servizo, presentada no rexistro electrónico da XMU o 28 de xaneiro de 2022, e que foi tramitada ante dito organismo, que emitiu informe de viabilidade suscrito o 3 de maio de 2022 en cuia conclusión se recolle expresamente que considérase xustificada a creación do acceso novo á estrada PO-552 no seu PQ 0+450, marxe esquerda, proposto para acceso na documentación do Plan Especial de Infraestruturas para o novo acceso ao CEIP Párroco Don Camilo remitida polo concello de Vigo.

A xustificación do cumprimento da normativa e aplicación da devandita Orde segundo o sinalado no citado informe de viabilidade remitido dende a AXI, se incorpora polo miúdo no apartado 2.5 desta Memoria Xustificativa.

6.3 Informe da avaliación acústica e o grao de integración das medidas establecidas no informe ambiental estratéxico

"...á vista do contido da documentación presentada deberase completar e realizar un estudo acústico en cumprimento da normativa arriba indicada.

Incorpórase estudo acústico da actuación como Anexo á Memoria Xustificativa deste PEI, elaborado pola empresa especializada SONEN, o cal é asinado por técnicos competentes, e que contén a zonificación acústica en áreas acústicas, tendo en conta os usos residenciais próximos ao novo acceso, así como os mapas de ruido elaborados segundo a metodoloxía prevista no Anexo II do R.D. 1513/2005, do 16 de decembro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, do 17 de novembro, do Ruído, no referente á avaliación e xestión do ruído ambiental, e no R.D. 1367/2007, do 19 de outubro, e xustificando igualmente que o novo vial de acceso ao CEIP previsto respectar os valores límite de recepción establecidos nos artigos 23 e 24, do Real Decreto 1367/2007, do 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, do 17 de novembro, do Ruído, no referente a zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas.

Ademáis, o estudo acústico realizado, en cumprimento do Decreto 106/2015, do 9 de xullo, os estudos de avaliación da contaminación acústica, incluídos os mapas de ruído, incorpora xustificación da adecuación dos métodos de medición e cálculo empregados con respecto á normativa básica estatal vixente en materia de ruído, incluíndo documentación acreditativa dos aspectos recollidos no seu artigo 12.

6.4 Informe da avaliación acústica da documentación para aprobación inicial do "Plan

Plan especial de infraestruturas para o novo acceso ao CEIP Párroco Don Camilo, en San Andrés de Comesaña (Expte. 18337/411). Aprobación definitiva sesión ordinaria Pleno 31/03/2025 (punto 4 do acta). Asinado Secretario Xeral do Pleno Asinado por: JOSÉ VILLÁN FUERTES Data sinatura: 04/04/2025

especial de infraestruturas para o novo acceso ao CEIP Párroco Don Camilo" en San Andrés de Comesaña, e integración das medidas relativas ás cuestións ambientais establecidas no informe ambiental estratéxico.

> *"...No tocante á numeración do índice respecto ao contido da memoria, advírtense erros."*

Actualízase a numeración do índice respecto do contido documental da memoria.

> *"...deberanse estudar os impactos ambientais no seu conxunto respecto ao ámbito de influencia que, para este caso, tamén atoparíanse incluídos os referidos ámbitos de desenvolvemento,..."*

Estúdanse os impactos ambientais respecto do ámbito de influencia da nova infraestrutura viria proxectada, toda vez que se desnvolveu consulta específica ao organismo titular da estrada principal na que se realiza o acceso e se analizou a mobilidade de toda a contorna en virtude da posta en marcha do novo acceso ao CEIP.

> *"... recoméndase recompilar e trasladar toda a análise paisaxística levada a cabo na Memoria Xustificativa no documento de Estudo da paisaxe, co fin tamén de evitar reiteracións innecesarias en cumprimento da normativa en materia de paisaxe.*
>
> *3) O estudo da paisaxe....deberase recoller como documento específico nos anexos da carpeta 01. MX...."*

O estudo da paisaxe e o estudo da paisaxe urbana se recollen nun documento específico como Anexo á Memoria Xustificativa.

> *"...deberase completar e realizar un estudo acústico en cumprimento da normativa en materia de ruídos, que o propio documento presentado recolle."*
>
> *"...deberase realizar... un estudo acústico, que contemple os focos emisores de ruído que teñan afección sobre o ámbito de influencia, incluída o propia vía proxectada. Para tal fin, deberanse elaborar os mapas de ruído segundo a metodoloxía prevista no Anexo II do R.D. 1513/2005...."*
>
> *"incluirase a zonificación acústica do territorio en áreas acústicas de acordo coas previstas na citada Lei..."*
>
> *"Solicítase a revisión da Zonificación acústica presentada no tocante aos usos residenciais próximos á vía que se proxecta."*

Incorpórase estudo acústico da actuación como Anexo á Memoria Xustificativa deste PEI, elaborado pola empresa especializada SONEN, o cal é asinado por técnicos competentes, e que contén a zonificación acústica en áreas acústicas, tendo en conta os usos residenciais próximos ao novo acceso, así como os mapas de ruido elaborados segundo a metodoloxía prevista no Anexo II do R.D. 1513/2005, do 16 de decembro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, do 17 de novembro, do Ruído, no referente á avaliación e xestión do ruído ambiental, e no R.D. 1367/2007, do 19 de outubro, e xustificando igualmente que o novo vial de acceso ao CEIP previsto respectar os valores límite de recepción establecidos nos artigos 23 e 24, do Real Decreto 1367/2007, do 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, do 17 de novembro, do Ruído, no referente a

Plan especial de infraestruturas para o novo acceso ao CEIP Párroco Don Camilo, en San Andrés de Comesaña (Expte. 18337/411). Aprobación definitiva sesión ordinaria Pleno 31/03/2025 (punto 4 do acta). Asinado Secretario Xeral do Pleno Asinado por: JOSÉ VILLÁN FUERTES Data sinatura: 04/04/2025

zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas.

Ademáis, o estudo acústico realizado, en cumprimento do Decreto 106/2015, do 9 de xullo, os estudos de avaliación da contaminación acústica, incluídos os mapas de ruído, incorpora xustificación da adecuación dos métodos de medición e cálculo empregados con respecto á normativa básica estatal vixente en materia de ruído, incluíndo documentación acreditativa dos aspectos recollidos no seu artigo 12.

> *"Outras cuestions ambientais:*
>
> *"...o DAE non se axusta exactamente co documento ambiental estratéxico sometido ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica simplificado..."*

Incorpórase o documento sometido ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica.

- *"Plano da alternativa 0....Este plano tampouco se corresponde coa da citada tramitación ambiental estratéxica....".*

Incorpórase o documento sometido ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica.

- *"Resolución pola que se formula o informe ambiental estratéxico do Plan Especial, na que faltarían por engadir os informes completos tanto do IET como da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo e do particular como parte integrante do IAE."*

Incorpóranse os informes citados.

- *"Colección de planos, que non se corresponden na súa totalidade cos planos anexados ao DAE e presentados no trámite de avaliación ambiental estratéxica simplificada."*

Incorpórase o documento sometido ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica.

- *...Lémbrase, de novo, que o documento ambiental estratéxico e os planos das alternativas deberanse corresponder coa documentación sometida ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica simplificada...."*

Incorpórase o documento sometido ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica.

- *"...o plan especial establecerá as súas determinacións tendo en conta as conclusións do estudo da paisaxe e, no seu caso, do estudo da paisaxe urbana nos termos alí definidos."*

A proposta de ordenación do PEI que se achega ten en conta as conclusións do estudo da paisaxe e no estudo da paisaxe urbana elaborados.

- *"Atenderase ao disposto no artigo 21 de Consideración del cambio climático en la planificación y gestión territorial y urbanística, así como en las intervenciones en el medio urbano, en la edificación y en las infraestruturas del transporte da Lei 7/2021, do 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética."*

A planificación da proposta de ordenación do PEI que se achega ten en consideración o cambio climático, segundo o sinalado na Lei 7/2021, de 20 de maio,

Plan especial de infraestruturas para o novo acceso ao CEIP Párroco Don Camilo, en San Andrés de Comesaña (Expte. 18337/411). Aprobación definitiva sesión ordinaria Pleno 31/03/2025 (punto 4 do acta). Asinado Secretario Xeral do Pleno Asinado por: JOSÉ VILLÁN FUERTES Data sinatura: 04/04/2025

de cambio climático e transición enerxética, tal e como se xustifica polo miúdo no apartado 2.6 da presente Memoria Xustificativa.

Posteriormente ao sinalado nos devanditos informes, o 31 de xaneiro de 2023, dende a XMU, trasladouse a este equipo redactor un plano topográfico actualizado con cotas e curvas interpoladas respecto da cartografía municipal. Ademáis, nese día trasladouse a este equipo redactor os contrastes realizados entre a XMU e a Comisión de Accesibilidade de Galicia.

Consecuentemente a elo, planteouse itinerario peonil accesible con pendiente ata o 6%, que se recolle na proposta que se achega, e que discorre contiguo ao eixo do vial, dende o inicio ao fin do mesmo, en forma de zig-zag, como rede viaria peonil que vau adaptándose á topografía existente, itinerario en torno ao cal se pode localizar vexetación diversa, de cara a o favorecer a súa óptima integración visual e paisaxística na contorna. Este itinerario cumpre coa normativa de accesibilidade vixente en Galicia e tamén coa Orde TMA/851/2021.

7 Xustificación dos informes sectoriais ao documento aprobado inicialmente.

Achégase documento Anexo específico xustificativo do sinalado nos informes sectoriais recibidos relativos ao documento de aprobación inicial do PEID (36057_PEID_CAMILO_202409_AD_MX_03.7.0ANX_XUSTIFICACION_INFORMES).

En Vigo, a febreiro de 2025.
O arquitecto,

Ángel J. Santorio Cuartero.

Plan especial de infraestruturas para o novo acceso ao CEIP Párroco Don Camilo, en San Andrés de Comesaña (Expte. 18337/411). Aprobación definitiva sesión ordinaria Pleno 31/03/2025 (punto 4 do acta). Asinado Secretario Xeral do Pleno Asinado por: JOSÉ VILLÁN FUERTES Data sinatura: 04/04/2025